Resolución de problemas	Semanalmente o alumno resolverá por escrito un caso práctico que se entregará ao profesor. Destes corrixiranse aleatoriamente tres. No seu lugar, tamén se poden realizar breves probas orais, convenientemente anunciadas en canto ao contido e á data. Avaliarase a capacidade do alumno para aplicar os coñecementos teóricos adquiridos á resolución dun caso práctico concreto.	35	
Exame de preguntas de desenvolvimento	Proba na que se avaliarán os coñecementos teórico/prácticos adquiridos polo alumno. Consistirá en tres preguntas que o alumno debe desenvolver por escrito no tempo dunha hora. E o alumno que non tome parte na avaliación continua, deberá, ademais, resolver un caso práctico.	65	

## Otros comentarios sobre la Evaluación

O alumno ten que alcanzar a nota mínima de 5 no exame final para que lle poida ser sumada a esta calificación a da evaluación continua. As cualificacións da evaluación continua só se mantendrán nas dúas convocatorias do mesmo curso académico. En cada convocatoria, tanto quen suspenda a materia como quen non siga a evaluación continua, terá dereito a un exame final no que pode alcanzar o 100% da nota. O mesmo sucede co exame fin de carreira. As datas e horas das probas de evaluación das diferentes convocatorias son as que se especifican no calendario aprobado pola Xunta de Facultade para o curso académico correspondente.

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

FUENTESECA, MARGARITA, **LECTIONES**, últ. edición, 2021

METRO, A., **Las fuentes del Derecho romano**, Trad. y com. M.J. Bravo Bosch, DYKINSON,

DAZA MARTÍNEZ, J., /RODRÍGUEZ ENNES, L., **INSTITUCIONES DE DERECHO PRIVADO ROMANO**, 4ª ed., TIRANT LO BLANCH, 2001

FERNÁNDEZ BARREIRO,A./PARICIO SERRANO,J.,, **HISTORIA DEL DERECHO ROMANO Y SU RECEPCIÓN EN EUROPA**, últ. edición, MARCIAL PONS, 2017

FERNÁNDEZ BARREIRO, A/PARICIO SERRANO, J.,, **FUNDAMENTOS DE DERECHO PRIVADO ROMANO**, últ. edición, MARCIAL PONS, 2018

### Bibliografía Complementaria

#### Recomendación

##### Asignaturas que continúan el temario

Dereito: Introducción ao dereito civil e dereito da persoa/V08G081V01203

Dereito civil I. Obrigas e contratos/V08G081V01301

Dereito civil II. Dereitos reais/V08G081V01404

##### Asignaturas que se recomienda cursar simultáneamente

Historia: Historia do dereito/V08G081V01205

#### Otros comentarios

As datas das diferentes convocatorias das probas de avaliación son as aprobadas no calendario correspondente pola Xunta de Facultade para cada curso académico.

As profesoras responsables da materia Dereito romano no Grao en Dereito e no Doble Grao ADE/Dereito son, respectivamente, Margarita Fuenteseca Degeneffe e María José Bravo Bosch.

### Plan de Continxencias

#### Descripción

##### ==== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo \*COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinénalo atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanteñ, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

##### ==== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

A metodoloxía docente mantense: daranse clases teóricas e clases prácticas, coa diferenza de que poderán ser seguidas tamén no campus remoto.

As tutorías faranse no campus remoto polo profesor, no seu despacho virtual, e tamén por medio do correo electrónico.

##### ==== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

\* Probas que se modifigan

Modifícase a proba final, que deixa de ser escrita e presencial, e pasa a ser en liña e oral no Grao e no Doble grao ADE-Dereito .

## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Economía: Economía española e mundial

Asignatura	Economía: Economía española e mundial			
Código	V03G720V01115			
Titulacion	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito	Carácter	Curso	Cuatrimestre
Descriptores	Creditos ECTS 6	FB	1	1c
Lengua	Galego			
Impartición	Departamento Economía aplicada			
Coordinador/a	Iglesias Malvido, Carlos			
Profesorado	Iglesias Malvido, Carlos			
Correo-e	calu@uvigo.gal			
Web	<a href="http://https://moovi.uvigo.gal">http://https://moovi.uvigo.gal</a>			
Descripción general	<p>Economía Española e Mundial é unha materia básica do 2º cuatrimestre de GADE e 1º cuatrimestre do PCEO de ADE-Dereito da Universidade de Vigo. Consta dun total de 6 créditos ECTS, que se corresponden con 150 horas de traballo do estudiante, das cales 50 son actividades presenciais, mentres que o resto serán actividades de traballo persoal.</p> <p>Esta materia pretende iniciar ao estudiante no coñecemento da Economía Aplicada, comenzando pola análise da Economía Mundial e Española. Trátase de que comprenda o funcionamento e estrutura da Economía Mundial e Española, facendo fincapé, por unha banda, nas diferencias entre Países Desenvolvidos e Países en vías de Desenvolvemento, e por outra banda, na estrutura económica de España.</p> <p>Organízase en Actividades Básicas (AB) e Actividades Complementarias (AC). As AB son comúns para todos os Centros onde se imparte a titulación de ADE, mentres que as AC son específicas de cada centro.</p>			

## Competencias

Código

## Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaje	Competencias
<input type="checkbox"/> Adquirir coñecementos básicos para entender o funcionamiento da economía mundial e española.	
<input type="checkbox"/> Manexar a información proporcionada polas fontes estatísticas da economía mundial e de España.	
<input type="checkbox"/> Sintetizar a información estatística en indicadores económicos relevantes.	
<input type="checkbox"/> Consultar directamente as referencias bibliográficas.	
<input type="checkbox"/> Elaborar e expoñer os resultados, empregando nun nivel básico os programas informáticos de cálculo, e realizar gráficos e presentacións.	
<input type="checkbox"/> Redactar e sintetizar os resultados anteriores.	
<input type="checkbox"/> Someter a contraste e discusión as ideas expostas nas leccións maxistrais.	
<input type="checkbox"/> Revisar con certa periodicidade a evolución dos resultados acadados.	
<input type="checkbox"/> Xestión persoal efectiva en termos de tempo, planificación e comportamento, motivación e iniciativa tanto individual como empresarial.	
<input type="checkbox"/> Amosar motivación pola calidade e pola mellora continua.	
- Habilidades de comunicación escrita e emisión de informes sobre situacións concretas	

## Contidos

Tema

Parte I: Introducción	Os obxectivos básicos e as preguntas relevantes. Organización e método de traballo. Principais conceptos: Crecemento e Desenvolvemento. Fontes estatísticas e bibliográficas.
Parte II. Economía mundial.	Os factores do crecemento económico: estratexias e experiencias. Os elementos estruturais dos Países Desenvolvidos. Características estruturais dos países en vías de desenvolvemento. As teorías do subdesenvolvemento económico. Institucións e relacóns económicas internacionais.
Parte III. Economía española.	Evolución da Economía Española: Etapas, factores de crecemento e cambio estrutural. A especialización produtiva e comercial. Eficiencia, sustentabilidade e equidade.

### Planificación

	Horas en clase	Horas fuera de clase	Horas totales
Lección maxistral	30	0	30
Prácticas de laboratorio	15	0	15
Resolución de problemas de forma autónoma	0	39	39
Exame de preguntas obxectivas	0	20	20
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	30	30
Exame de preguntas de desenvolvemento	4	10	14
Observación sistemática	1	1	2

\*Los datos que aparecen en la tabla de planificación son de carácter orientativo, considerando la heterogeneidad de alumnado

### Metodoloxía docente

	Descripción
Lección maxistral	As sesións maxistras forman parte das Actividades Básicas da Materia. En cada unha das sesións, o profesorado desenvolverá os contidos do Programa. Tomárase como punto de partida as preguntas destacadas en cada un dos temas, así como os resultados e conclusións que se vaian acadando simultaneamente nas outras actividades docentes relacionadas co tema.
Prácticas de laboratorio	As prácticas de laboratorio forman parte das Actividades Básicas. En cada unha delas o alumnado realizará un exercicio en que deberá aprender a manexar información para o estudo da economía mundial e de España. Con ditos exercicios o estudantado aprenderá a organizar a información e a sintetizar os datos en indicadores relevantes (PIB, poboación, PIB per cápita, coeficiente de apertura, taxa de actividade, taxa de desemprego, gasto público, produtividade etc.). Iso esixirá a realización de cálculos (taxas de variación, números índice, actualización de variables monetarias, taxas de participación), a súa representación e análise.
Resolución de problemas de forma autónoma	Forman parte das Actividades Complementarias, de carácter presencial ou non presencial, consistentes en probas onde os estudiantes demostren a súa capacidade individual para resolver un exercicio de xeito autónomo, sen necesidade de titorización persoal.

### Atención personalizada

Metodologías	Descripción
Prácticas de laboratorio	Realización de traballo persoal e programado baseado na elaboración de informes sobre aspectos concretos da economía española e mundial que teñen como base as fontes principais de datos, cálculos de magnitudes ou indicadores e a súa interpretacion facendo uso da análise económica.
Pruebas	Descripción
Resolución de problemas e/ou exercicios	Logo da exposición de cada capítulo o estudiante resposto un cuestionario de preguntas dipoñible na páxina da mateira para comprobar que adquiriu os coñecementos máis sustanciais.
Exame de preguntas de desenvolvemento	Resposta a preguntas concretas na que cada alumno explica os principais problemas dos diferentes aspectos estudiados en economía española e economía mundial. Realización do informe iniciado nas sesións de prácticas de laboratorio e mellorado e personalizado seguindo un proceso programado.
Observación sistemática	Seguimiento das diferentes actividades realizadas por cada estudiante o longo do cuatrimestre e corrección do traballo realizado

### Avaluación

	Descripción	Calificación	Competencias Evaluadas
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades Complementarias de traballo persoal (non presencial). Exercicios que demostren a capacidade autónoma de cada estudiante.	20	
Exame de preguntas obxectivas	Actividades básicas de traballo persoal (presencial e non presencial) que inclue a realización de cuestionarios vinculados ás clases maxistras e ás sesións prácticas de laboratorio.	20	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividades básicas de traballo persoal (presenciais ou non presenciais) consistentes en responder por escrito, de forma sintética, ás preguntas relevantes de cada tema do programa (desenvolto nas sesións maxistras).	20	

Exame de preguntas de desenvolvemento	Actividades complementarias (presencial ou non presencial) consistentes en relacionar os resultados do conxunto das actividades da materia, tanto dos contidos teóricos como prácticos.	30
Observación sistemática	Neste Centro, avaliarase a actitude persoal do estudiante que se verificará a través do seguimento periódico.	10

## Otros comentarios sobre la Evaluación

Cando o alumnado non aprobe a materia por avaliación continua, para superar a mesma deberá presentarse ao exame final da convocatoria ordinaria. Dito exame poderá incluir preguntas de tipo test, de resposta curta ou de desenvolvemento, similares ás descritas no sistema de avaliación. Alternativamente ao sistema de avaliación continua, o estudiantado poderá optar a ser avaliado cun exame final que suporá o 100% da cualificación. Dependendo da situación do alumnado (algúns seguindo a avaliación continua e outros con renuncia expresa a ela), o exame da convocatoria ordinaria terá diferente peso relativo na avaliación final, garantindo que, como mínimo, represente o 60 por cento da mesma (podería chegar ao 100%).

O exame correspondente ás demais convocatorias (extraordinaria, fin de carreira, etc.) seguirá o mesmo modelo e criterios de cualificación que o exame final da convocatoria ordinaria.

As datas para os exames son as establecidas no Calendario oficial de cada Centro e publicadas na súas correspondentes páxinas web.

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

García Delgado, Jose Luís e Rafael Myro (directores), **Lecciones de Economía Española**, 15ª Ed. Thomson-Civitas, 2020  
Berzosa, Carlos; Pablo Bustelo, Jesús de la Iglesia, **Estructura Económica Mundial**, Síntesis, 2001

### Bibliografía Complementaria

## Recomendaciones

### Asignaturas que continúan el temario

Macroeconomía/V03G020V01404  
Traballo de Fin de Grao/V03G020V01991

### Asignaturas que se recomienda cursar simultáneamente

Historia: Historia económica/V03G020V01103

## Otros comentarios

Para o correcto seguimento da materia é preciso contar con acceso a internet e unha conta de correo electrónico, a utilización da Plataforma de Docencia Virtual da Universidade de Vigo e o manexo de programas informáticos básicos (unha folla de cálculo e un procesador de textos).

A Plataforma de Docencia Virtual será a establecida oficialmente pola Universidade de Vigo.

Aqueles estudiantes que non dispoñan de internet, poderán usar ordenadores de acceso libre existentes nas Facultades.

Para o alumnado da UVigo recomendase a realización do curso virtual organizado pola Biblioteca "Coñece a Biblioteca e aprende a buscar, avaliar e utilizar a información", dirixido ao alumnado de 1º grao e que ten coma obxectivo que o estudiante adquira os coñecementos básicos para buscar, analizar, seleccionar e organizar a información de xeito eficiente, así como utilizar e comunicar a información eficazmente de forma ética e legal.

Esta materia no PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas-Grado en Dereito impártese no 1º cuatrimestre do 1º curso e o seu coordinador é Carlos Iglesias Malvido.

## Plan de Continxencias

### Descripción

==== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento

da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

#### ==== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen

Na FCEE de Vigo, toda a metodoloxía descrita na guía da materia pode desenvolverse de forma non presencial, razón pola que non é preciso cambiala.

\* Metodoloxías docentes que se modifican

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

Na FCEE de Vigo, as sesións de titorización poderán realizarse mediante o correo electrónico ou por outros medios telemáticos (videoconferencia, foros da plataforma docente virtual da Universidade de Vigo, ...) baixo a modalidade de concertación previa.

\* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non son necesarias modificacións dos contidos.

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Non se precisa bibliografía adicional. O alumnado dispón de todo o material na plataforma docente virtual da Universidade de Vigo.

\* Outras modificacións

#### ==== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

\* Probas pendentes que se manteñen Peso anterior (%) Peso proposto (%)

- Resolución de problemas de forma autónoma 20 20

- Preguntas obxectivas 20 20

- Resolución de exercicios 20 20

- Preguntas de desenvolvemento 30 30

- Observación sistemática 10 10

\* Probas que se modifican

\* Novas probas

Na FCEE de Vigo, si é preciso, cambiaranse os exames finais presenciais (convocatoria ordinaria e extraordinaria) por outros que podan executarse telemáticamente.

\* Información adicional

A materia xa estaba deseñada para a avaliación continua utilizando ferramentas telemáticas (principalmente a plataforma docente virtual da Universidade de Vigo), de aí que non sexa preciso modificar nin os contidos nin adaptar os criterios de avaliação (agás ao referido á execución telemática das actividades inicialmente previstas como presenciais).

---

## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Dereito: Dereito constitucional I

Asignatura	Dereito: Dereito constitucional I			
Código	V03G720V01121			
Titulacion	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descriptores	Creditos ECTS 9	Carácter FB	Curso 1	Cuatrimestre 2c
Lengua	Castelán			
Impartición	Galego Inglés			
Departamento	Dereito público			
Coordinador/a				
Profesorado				
Correo-e				
Web				
Descripción general	O Dereito Constitucional I (un dos dous bloques nos que se estrutura a docencia do Dereito Constitucional) céntrase basicamente no estudo dos seguintes puntos: Teoría da Constitución; *constitucionalismo histórico español; principios ordenadores do ordenamento constitucional; fontes do Dereito; descentralización territorial do poder; estrutura, composición e funcionamento dos seguintes órganos constitucionais: Coroa, Cortes xerais; Poder executivo e Poder xudicial.			

## Competencias

### Código

CB2	Que os estudiantes saibam aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB5	Que os estudiantes desenvolvan aquellas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaje	Competencias
O alumnado deberá alcanzar unha visión e comprensión do significado e elementos dunha Constitución, en particular da de 1978, os seus principios e valores estruturais básicos e a organización do sistema de poderes, as súas relacións entre estes e os cidadáns, así como os principios básicos do ordenamento xurídico e o sistema de fontes de Dereito na Constitución de 1978	CB2 CB3 CB5

## Contidos

### Tema

1.- Orixes e evolución do constitucionalismo e modelos de Estado Constitucional. Concepto de Constitución.	Orixes do Constitucionalismo. O Estado Constitucional. Transformacións do constitucionalismo. Concepto de Constitución.
2.- Historia do Constitucionalismo español. A Constitución española de 1978: características.	Oixe do constitucionalismo en España. As Constituciones españolas do século XIX. Características do constitucionalismo na historia española. A Transición política española. Características Constitución de 1978.
3.-Principios estruturais básicos, principios do ordenamento xurídico e valores da Constitución de 1978.	Constitución e ordenamento xurídico. Principios estruturais básicos da Constitución de 1978 Valores básicos da Constitución de 1978 Principios da estrutura do ordenamento xurídico establecidos na Constitución de 1978.
4.- O sistema constitucional de producción de Dereito. Principios articuladores.	A creación do Dereito na Constitución de 1978. Principios articuladores do ordenamento xurídico.
5.- Fontes do Dereito. Análise das súas formas, efectos e relacións.	As fontes do Dereito na Constitución de 1978. Tipoloxía Definición Efectos

6.- Sistema democrático.	Democracia directa Democracia representativa Representación Partidos políticos Régime electoral
7.- Os poderes do Estado. Organización e división Xefatura do Estado. dos poderes do Estado: principios da súa actuación, composición, funcións, procedemento. Goberno e Administración.	Cortes Xerais. Poder Xudicial.
8.- Organización territorial do Estado	Principios xerais da organización territorial do Estado. Estado Autonómico. Estatutos de Autonomía Comunidades Autónomas Especial referencia á Comunidade Autónoma de Galicia

<b>Planificación</b>			
	Horas en clase	Horas fuera de clase	Horas totales
Estudo de casos	23.5	23.5	47
Lección magistral	49.85	49.85	99.7
Exame de preguntas de desenvolvimento	2	71	73
Autoavaliación	3	1.5	4.5
Traballo	0.15	0.65	0.8

\*Los datos que aparecen en la tabla de planificación son de carácter orientativo, considerando la heterogeneidad de alumnado

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descripción
Estudo de casos	Lectura e análise de documentos xurídicos ou un feito, problema ou casos prácticos reais coa finalidade de que o alumno complete coñecementos, reflexións sobre o particular e interprete e xere as hipóteses que considere oportunas. O estudiante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixa as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvimento con actividades autónomas do estudiante. Poderánse incluír probas tipo test para comprobar estos obxectivos.
Lección magistral	Exposición por parte do docente dos contidos referentes á materia obxecto de estudio.

<b>Atención personalizada</b>	
<b>Metodologías</b>	<b>Descripción</b>
Estudo de casos	Actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a titorías de despacho).

<b>Pruebas</b>	<b>Descripción</b>
Traballo	Actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas coa elaboración de traballos sobre temas da materia propostos polo profesorado

<b>Avaluación</b>		<b>Descripción</b>	<b>Calificación</b>	<b>Competencias Evaluadas</b>
Estudo de casos	Se evaluará a resolución de casos relacionados con a asignatura e as prácticas. Se evaluarán os diversos exercicios ou proxectos en o aula baixo as directrices e supervisión de o profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvimento con actividades autónomas de o estudiante. Utilizaranse no seu caso para medir o grado de coñecemento de as materias, para o que se poderán utilizar probas de preguntas curtas e tipo test, o resultado de os debates e exposicións.	10	CB2 CB3	
Exame de preguntas de desenvolvimento	Avaliación de o resultado final de aprendizaxe mediante o desenvolvemento de pregunta/s sobre materia de a asignatura	70	CB5	
Autoavaliación	Probas obxectivas encamiñadas a que os estudiantes poidan asumir e ser conscientes de os seus puntos fortes e débiles en o seu propio proceso de aprendizaxe	10	CB5	

Traballo	Se evaluará a presentación por escrito e defensa oral de traballos realizados de trabalhos sobre temas de a materia propostos por o profesorado	10	CB2 CB3 CB5
----------	---	----	-------------------

## Otros comentarios sobre la Evaluación

Segundo o artigo 13.2 d) do Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudiante Universitario, os/as estudiantes deberán "absterse da utilización ou cooperación en prodedementos fraudulentos nas probas de avaliação nos traballos que se realicen ou en documentos oficiais da universidade".

### AVALIACIÓN.

As datas e horarios de as probas de avaliação de as diferentes convocatorias son as especificadas en o calendario de probas de avaliação aprobado por a Xunta de Facultade para o curso 2020-2021.

Sempre será condición imprescindible para contabilizar a avaliação continua obter un mínimo de 5 sobre 10 en a proba de desenvolvemento de resposta/s longa/s.

#### PRIMEIRA CONVOCATORIA:

A avaliação continua supón un 30 % sobre o total de a cualificación final e o exame supoñerá o 70 % restante. Leste consistirá en unha proba de desenvolvemento de pregunta/s sobre o contido de a materia.

Aqueles alumnos que, por circunstancias excepcionais persoais ou profesionais, non poidan participar de xeito presencial en algunha/s de a/s sesión/é prácticas en o desenvolvemento de o curso poderán, a xuízo de o profesor, presentar un traballo acorde a a/s práctica/s correspondentes.

Aqueles alumnos que non sigan durante o curso o sistema de avaliação continua ou que non o superaron terán dereito a un exame final que implicará por unha banda o desenvolvemento por escrito de pregunta/s de o programa e supoñerá o 70% de a cualificación final (deberán obter en esta parte polo menos un mínimo de 5 puntos sobre 10) así como a realización de un suposto práctico que supoñerá o 30% de a cualificación restante..

#### EN A SEGUNDA CONVOCATORIA:

a) A os alumnos que habendo superado a avaliação continua non alcancen un cinco en o exame de preguntas de desenvolvemento en a primeira convocatoria conserváráselles a nota de esta e realizaráselles un exame similar a o de a primeira convocatoria.

b) Os alumnos que non sigan en o desenvolvemento de o curso a avaliação continua ou que non a superaron terán dereito a un exame final que constará de dous partes: unha teórica de preguntas de desenvolvemento sobre o contido de o programa que supoñerá o 70 % de a nota (deberán obter en esta parte polo menos un mínimo de 5 puntos sobre 10) e un suposto práctico que supoñerá o 30 % restante.

#### CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA

A avaliação farase mediante un exame que constará dunha parte de pregunta/s de desenvolvemento sobre o temario e por outra de o desenvolvemento de un caso práctico. A/s pregunta/s de resposta longa valerán un 70% de a nota (deberán obter en esta parte polo menos un mínimo de 5 puntos sobre 10); o desenvolvemento de o caso práctico valerá o 30% de a nota final.

NOTA: En caso de superar a avaliação continua pero non aprobar a materia, conservarase si comunícase a o profesor o seu desexo de conservar a nota de avaliação continua para o seguinte curso

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

Lopez Guerra, L; Espin, E y Otros, **Derecho Constitucional (2Vol)**, 11<sup>a</sup>, Tirant lo Blanch, 2018

Agudo Zamora, M y otros, **Manual de Derecho Constitucional**, 11, Tecnos, 2020

Rodríguez-Zapata, Jorge, **Teoría y práctica del derecho constitucional**, 4<sup>a</sup>, Tecnos, 2018

Castellá Andreu, J.M<sup>a</sup>, **Derecho Constitucional Básico**, 5<sup>a</sup>, Huygens, 2019

Ferreres Comella, V, **The Constitution of Spain: a contextual analysis**, Hart Publishing, 2013

Bilbao Ubilllos, J.m<sup>a</sup>; Rey, Fernando; Vidal, J. y otros, **Lecciones de Derecho Constitucional II e-book**, 2<sup>a</sup>, Aranzadi, 2018

Código, Normas Políticas, **Código de Normas Políticas**, edición actualizada 2020, Tecnos, 2020

Aranzadi, **Base de datos**, Aranzadi,

Tirant on line, **Base de datos**,

### Bibliografía Complementaria

Bilbao Ubilllos, J.mª.; Rey, Fernando; Vidal, J. y otros, **Lecciones de Derecho Constitucional I e-book**, 4ª, Aranzadi, 2018  
Pérez Calvo, Alberto, **El Estado constitucional español**, 2ª, Reus, 2014  
Kelsen, Hans, **Teoría General del Derecho y del Estado**, UNAM-México, 2008  
Schmitt, Carl, **Teoría de la Constitución**, Alianza Editorial,  
Heller, Hermann, **Teoría del Estado**, 1ª, Comares, 2016  
Bergareche Gros, Almudena, **El concepto de Constitución interna en el constitucionalismo de la Restauración española**, 2ª, CEPC, 2002  
Portero Molina, J.A., **Constitución y Jurisprudencia Constitucional**, Tirant lo Banch,  
Pérez Tremps, P.; Saiz Arnaiz; A., **Comentario a la Constitución Española libro-homenaje a Luis López Guerra. 40 aniversario 1978-2018**, 1ª, Tirant lo Banch, 2018  
Rodríguez-Piñero; Casas Baamonde, Mª. Emilia, **COMENTARIOS A LA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA XL Aniversario de la Constitución española XL 2 Vols**, 1ª, coedición de la AEBOE con la Fundación Wolters Klu,  
Teoría y Realidad Constitucional, **Teoría y Realidad Constitucional**, UNED,  
Revista Española de Derecho Constitucional, **Revista Española de Derecho Constitucional**, CEPC,  
[www.congreso.es](http://www.congreso.es),  
[www.senado.es](http://www.senado.es),  
[www.cepc.es](http://www.cepc.es),  
[www.tribunalconstitucional.es](http://www.tribunalconstitucional.es),  
Código Leyes políticas del Estado, **Leyes políticas del Estado**, última edición actualizada 2020, Civitas, 2020

## Recomendacións

### Asignaturas que continúan el temario

Dereito: Dereito constitucional II/V08G081V01204

Dereito da Unión Europea/V08G081V01304

Constitución económica/V08G081V01946

### Asignaturas que se recomienda cursar simultáneamente

Dereito: Dereito romano/V08G081V01104

Dereito: Teoría do derecho/V08G081V01102

Historia: Historia do derecho/V08G081V01205

## Otros comentarios

A docencia desta materia tamen será impartida pola profesora María Hilma Alcaraz Salado

(maria.hylma.alcaraz.salgado@uvigo.es)

A docencia dun grupo teórico e práctico desta materia no Grao en Dereito será impartida en inglés polo profesor Pablo Riquelme (priquelme@uvigo.es),

Esta materia no PCEO Grado en Administración e Dirección de empresas - Grado en Dereito se imparte no segundo cuatrimestre do primeiro Curso e a coordinadora da asignatura e a profesora María José Gregores Villaverde (mjgv@uvigo.es), tamen dara docencia nesta asignatura a profesora María Hilma Alcaraz Salado (maria.hylma.alcaraz.salgado@uvigo.es)

## Plan de Continxencias

### Descripción

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo \*COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinínenlo atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanteñ, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

==== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen

Lección magistral

Exposición por parte do docente dos contidos referentes á materia obxecto de estudio.

Estudo de casos

Lectura e análise de documentos xurídicos ou un feito, problema ou casos prácticos reais coa finalidade de que o alumno

complete coñecementos, reflexións sobre o particular e interprete e xere as hipóteses que considere oportunas. O estudiante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixa as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudiante. Poderanse incluir probas tipo test para comprobar estos obxectivos.

\* Metodoloxías docentes que se modifican

Tanto as leccións maxistrais como os Estudos de caso adaptaranse a situación de non presencialidade utilizando as ferramentas de teledocencia proporcionadas pola UVigo.

Para elo porán utilizarse as aulas virtuais proporcionadas pola UVigo e as ferramentas de intercambio existentes en FAITIC.

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (\*tutorías)

A través do campus remoto no despacho virtual asignado o profesor, nos horarios previstos, e proporcionado a clave de acceso os alumno. Excepcionalmente a través do correo electrónico u outro método, videoconferencias, etc.

\* Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe

Á parte dos temas, resumos e documentos complementarios dos mesmos que se subirán a FAITIC e os títulos facilitados na guía docente, comunicaranse outros recurso axeitados que proporcione a Universidade de Vigo como o acceso a distintas publicacións que a Universidade proporcione e as que se poda acceder de xeito sen coste cuxas instrucións para o seu acceso facilitaranse no seu momento a través de FAITIC.

Reforzarase a información sobre enlaces para o aprendizaxe e outros documentos.

\* Outras modificacións

==== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

\* Probas xa realizadas

Sen modificacións.

\* Probas pendentes que se manteñen

As probas serán as mesmas pero variaranse os porcentaxes.

Exame teórico: Cambio no porcentaje: peso de 60 % sobre a nota final.

Cambio da modalidade: test sobre o contido do programa.

Nota mínima exame teórico: 4 sobre 10 para sumar a nota de avaliación continua

Avaliación continua: Cambio no porcentaje: peso de 40 % sobre a nota final modalidade das probas sen modificacións salvo circunstancias excepcionais.

As probas de avaliación continua no modificaranse agás na ponderación da nota do total das feitas antes da modalidade da avaliación continua para a súa adaptación os novos porcentaxes a partir do momento de cambio.

Si unha parte da avaliación continua fíxose presencial e outra parte virtual, a porcentaje do 40 % ponderaríase en función da nota das presenciais e das non presenciales.

\* Probas que se modifican

Primeira convocatoria:

O exame teórico consistirá nunha proba de preguntas sobre o contido da materia tipo test, realizada a través das plataformas que a Universidade de Vigo habilite ao efecto.

Segunda convocatoria:

De producirse no mesma situación que a primeira convocatoria aplicaranse as mesmas modalidades de probas e porcentaxes e mínimo exixido na primeira convocatoria tanto para o exame teórico como para a avaliación continua cúa nota conservarase.

No caso de cambio de cambio das circunstancias, que permitan a súa realización presencial o exame realizarase conforme o previsto a todos os efectos na guía docente normal, agás no caso de haberse feito parte da docencia e avaliación continua virtualmente., Neste suposto bastará obter no exame teórico un mínimo de 4 puntos sobre 10 para sumar a nota da avaliación continua e así obter a nota final.

3. Alumnado que non se acolleu ou que non superou a avaliación continua

Primeira e segunda convocatoria:

Quen non sigan durante o curso o sistema de avaliación continua, ou que non o superaron, terán dereito a un exame final, igual e coas mesmas normas co feito polo os seus compañeiros, xa sexa na primeira o segunda convocatoria.

**Convocatoria fin de carreira:**

A avaliación consistirá nunha proba de preguntas sobre o contido da materia tipo test, realizada a través das plataformas que a Universidade de Vigo habilite ao efecto (60 % da nota final) e dun desenvolvemento dun caso práctico (40% da nota final). Bastará obter no exame teórico un mínimo de 4 puntos sobre 10 para sumar a nota da avaliación continua a nota final

\* Novas probas

No caso en que non poda realizarse algunha das probas previstas na guía docente ou en casos excepcionais, poderase substituír por outro tipo de proba que determine o profesor.

\* Información adicional

Quen teñan problemas para conectarse virtualmente a través das plataformas virtuais que estableza a Universidade de Vigo deberán comunicalo ao profesorado canto antes, remitindo un correo electrónico con todos os seus datos para cursalo ao servizo correspondente da Universidade para que lle dean unha solución.

---

## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Estatística: Estatística

Asignatura	Estatística: Estatística			
Código	V03G720V01122			
Titulacion	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descriptores	Creditos ECTS  6	Carácter  FB	Curso  1	Cuatrimestre  2c
Lengua Impartición	Castelán			
Departamento	Estatística e investigación operativa			
Coordinador/a	Gómez Rúa, María			
Profesorado	Gómez Rúa, María			
Correo-e	mariarua@uvigo.es			
Web	<a href="http://moovi.uvigo.gal">http://moovi.uvigo.gal</a>			
Descripción general	Estatística é unha materia de formación básica na que se estudarán os conceptos estatísticos básicos, recorrendo os temas de estatística descriptiva, cálculo de probabilidades, variables aleatorias e inferencia estatística.			
	Materia dentro do programa English Friendly.			

## Competencias

### Código

## Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaje	Competencias
<input type="checkbox"/> Ser capaz de identificar os aspectos estatísticos dentro dun problema empírico e elaborar conclusións a partir da información existente aplicando os conceptos estudiados na materia. Coñecer, saber, aplicar e interpretar correctamente as técnicas descriptivas e de cálculo de probabilidades básicas e valorar o seu interese como ferramenta fundamental na análise de datos.	
<input type="checkbox"/> Solucionar de maneira eficaz problemas e cuestións de cada un dos temas do programa utilizando os métodos cuantitativos apropiados.	
<input type="checkbox"/> Coñecer a importancia da información e ser capaz de valorala e clasificala en cada ámbito de decisión. Saber aplicar e interpretar correctamente as técnicas descriptivas básicas para a análise de variables unidimensionais e bidimensionais.	
<input type="checkbox"/> Introducir o estudiantado no manexo de paquetes informáticos relacionados coa estatística. Desta maneira, favorecer unha actitude positiva cara ao cuantitativo, en xeral, e a estatística, en particular, así como cara á súa manipulación informática.	
<input type="checkbox"/> Fomentar a sensibilidade cara aos valores propios do pensamento científico, favorecendo as actitudes asociadas ao uso e desenvolvemento dos métodos estatísticos como o cuestionamento das ideas intuitivas, a análise crítica das afirmacións, a necesidade de verificación, a capacidade de análises e sínteses ou a toma de decisiones racionais.	
<input type="checkbox"/> Potenciar unha actitude de compromiso ético, incidindo no relativo á obtención dos datos, á non manipulación dos resultados ou o non copiar os estudos doutros nin aproveitarse do seu traballo.	
<input type="checkbox"/> Espertar o gusto polo uso e estudio da Estatística, véndoa como unha ferramenta que permite aprender máis sobre o propio campo de coñecemento e iniciarse na realización de investigacións propias.	

## Contidos

### Tema

Tema 1: Introducción ao cálculo de probabilidades	1.1. Conceptos básicos do cálculo de probabilidades. 1.2. Probabilidades condicionadas e concepto de independencia.
Tema 2. Variables aleatorias	2.1. Definición dunha variable aleatoria e a súa función de distribución. 2.2. Características dunha variable aleatoria. 2.3. Principais distribucións de probabilidade. 2.4. Aplicacións do teorema central do límite.
Tema 3. Estatística descriptiva	3.1. Distribución de frecuencias. 3.2. Medidas de posición, dispersión e forma. 3.3. Representacións gráficas. 3.4. Números índice.

Tema 4. Conceptos e principios metodolóxicos da inferencia estatística	4.1 Poboación, mostra e as súas características. Mostraxe aleatoria simple. Distribucións asociadas á mostraxe en poboacións normais.
	4.2. Estimación puntual. Concepto de estimador e as súas propiedades.
	4.3. Estimación mediante intervalos de confianza en poboacións normais.
	4.4. Contrastos de hipóteses. Formulación das hipóteses. Contrastos clásicos en poboacións normais.

Tema 5. Manexo de paquetes estatísticos de uso corrente.	5.1. Introducción ao uso do paquete estatístico.
	5.2. Análise descriptiva e cálculo de probabilidades.
	5.3. Variables aleatorias e principais distribucións de probabilidade.
	5.4. Inferencia estatística.

## Planificación

	Horas en clase	Horas fuera de clase	Horas totales
Lección maxistral	22.5	45	67.5
Seminario	5	4	9
Resolución de problemas	22.5	45	67.5
Exame de preguntas de desenvolvimento	2	4	6

\*Los datos que aparecen en la tabla de planificación son de carácter orientativo, considerando la heterogeneidad de alumnado

## Metodoloxía docente

	Descripción
Lección maxistral	Exposición, por parte do profesorado, dos contidos sobre a materia obxecto de estudio, as bases teóricas e/ou as directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que ten que desenvolver o estudiantado.
Seminario	Entrevistas que o/a estudiante mantién co profesorado da disciplina para o asesoramento/desenvolvo de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas	Resolución de problemas e cuestións de cada un dos temas do programa da disciplina. Poderase facer uso do software de cálculo Microsoft Excel.

## Atención personalizada

### Metodologías Descripción

Seminario	Na tutoría en grupo cada estudiante podrá formularlle ao profesor/a as dúbidas que teña sobre a materia. O profesor/a tamén proporá algún tema a discutir e resolver entre os/as estudiantes que formen tal grupo.
-----------	--

## Avaluación

	Descripción	Calificación	Competencias Evaluadas
Lección maxistral	O contido teórico da materia será avaliado mediante probas en todos os exames que se realicen	10	
Resolución de problemas	A avaluación relativa aos problemas farase mediante a resolución de probas en todos os exames que se realicen.	30	
Exame de preguntas de desenvolvimento	Na convocatoria oficial ordinaria realizarase un exame, con parte teórica, así como práctica.  (Ver seguinte epígrafe para coñecer o sistema de avaluación detallada)	60	

## Otros comentarios sobre la Evaluación

Cada estudiante poderá elixir si desexa avaluación continua ou avaluación mediante un único exame final. Considerarase que un/unha estudiante opta pola primeira opción (avaluación continua) no caso de presentarse ao exame parcial, mentres que se asumirá que opta pola segunda opción (exame final) se non se presenta ao exame parcial.

O/A estudiante que se acolla á avaluación continua, realizará un parcial durante o curso dos temas 1 e 2 (**primeira parte da materia**). Devandito parcial constará dunha parte teórica (cun peso do 25%) e unha parte práctica (cun peso do 75%).

No caso de superar o parcial cunha nota maior ou igual que 5, considerarase aprobada esta parte e no exame final só se avaluará dos temas 3 e 4 (**segunda parte da materia**), que consistirá nun exame cunha parte teórica (cun peso do 25%) e unha parte práctica (cun peso do 75%), tal e como se describiu anteriormente. O/A estudiante terá neste caso unha nota para cada parte da materia: a nota da primeira parte será a obtida no parcial e a nota da segunda parte a obtida no exame da convocatoria ordinaria.

No caso de non superar o parcial, no exame da convocatoria oficial resloveranse os exames das dúas partes da materia (cada un dos cales constará dunha parte teórica e dunha práctica coa ponderación descrita anteriormente). Neste caso, a

nota da primeira parte calcularase como a media ponderada do parcial (40%) e da nota obtida na primeira parte do exame da convocatoria ordinaria (60%). A nota da segunda parte da materia será a obtida no exame.

Alternativamente ao sistema de avaliación continua, o estudiante poderá optar a ser avaliado cun exame final que suporá o 100% da cualificación. A estrutura deste exame final constará de dúas partes como as descritas anteriormente.

**En calquera do tres casos arriba descritos, para aprobar será necesario ter polo menos un 3.5 en cada unha das partes e que a media de ditas notas as sexa maior ou igual que 5. No caso de que a nota obtida en cada parte sexa como mínimo de 3.5, a nota final da materia calcularase como a media entre as cualificacións obtidas en ambas partes, en caso contrario, a nota final será calculada como o mínimo entre a media das dúas partes e un 4.**

A avaliación na convocatoria extraordinaria, así como na convocatoria fin de carreira, será mediante a realización dun exame (coa mesma estrutura que a descrita anteriormente) que suporá o 100% da cualificación.

As datas dos exames finais das distintas convocatorias poderanse consultar na páxina web da facultade: <http://fccee.uvigo.es/>

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

Cao Abad, R.; Presedo Quindimil, M.A. e Naya Fernández, S., **Introducción a la estadística y sus aplicaciones**, Pirámide, 2001

Casas Sánchez, J.M. e Santos Peñas, J., **Introducción a la Estadística para Administración y Dirección de Empresas**, Centro de Estudios Ramón Areces, 2002

Martín-Pliego López, F. J. e Ruiz-Maya Pérez, L., **Fundamentos de Inferencia Estadística**, Thomson, 2005

Martín Pliego, F. J. e Ruíz-Maya, L., **Estadística I: Probabilidad.**, Thomson, 2004

### Bibliografía Complementaria

Esteban García, J. y otros., **Estadística Descriptiva y nociones de probabilidad**, Thomson, 2005

García Pérez, C.; Casas Sánchez, J.M. e Rivera García, L.F., **Problemas de estadística descriptiva, probabilidad e inferencia**, Pirámide, 1998

Gonick, L. e Smith, W., **A Estatística en Caricaturas**, SGAEPIO, 2001

Gutiérrez, R.; Martínez, A. e Rodríguez, C., **Curso Básico de Probabilidad**, Pirámide, 1993

Levin, Rubin, Balderas, Del Valle y Gómez, **Estadística para Administración y Economía**, Prentice Hall, 2010

Martín-Pliego, Montero-Lorenzo e Ruiz-Maya, **Problemas de Inferencia Estadística**, Thomson, 2005

## Recomendacións

### Asignaturas que se recomienda haber cursado previamente

Matemáticas: Matemáticas/V03G020V01104

### Otros comentarios

Esta materia no PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas - Grao en Dereito impártese no 2º cuatrimestre do 1º curso e o profesorado responsable está integrado por María Gómez Rúa. Esta materia tamén participa dentro do programa English Friendly.

## Plan de Continxencias

### Descripción

==== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

==== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

As clases impartiranse mediante o Campus Remoto. As titorías atenderanse usando o despacho remoto e o correo electrónico.

A avaliación e as porcentaxes manteranse e as probas adaptaranse á modalidade virtual facendo uso de Moovi e o Campus Remoto.

## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Empresa: Xestión de empresas

Asignatura	Empresa: Xestión de empresas			
Código	V03G720V01123			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descriptores	Creditos ECTS 6	Carácter FB	Curso 1	Cuatrimestre 2c
Lengua	Castelán			
Impartición	Galego Inglés			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Arevalo Tomé, Raquel			
Profesorado	Arevalo Tomé, Raquel López Miguens, María Jesús			
Correo-e	arevalo@uvigo.es			
Web				
Descripción general	O propósito da materia é presentar a empresa como un axente económico fundamental, explicando os aspectos básicos da súa xestión e os problemas asociados ao seu goberno. A partir de aí identifícanse as grandes áreas funcionais, profundando en aspectos específicos da súa xestión e as problemáticas económicas que se formulan.			

## Competencias

### Código

CB1	Que os estudiantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudo.
CB3	Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaje	Competencias
Aplicar os procedementos de análise e coñecementos adquiridos á resolución de problemas/cuestións concretas, tanto a nivel estratégico como operativo, no ámbito das distintas áreas funcionais da empresa.	CB3
Ter capacidade para buscar, identificar, filtrar e analizar datos relevantes que poden afectar ás distintas funcións da empresa para interpretar a súa importancia en termos de defensa ou crítica de distintas posturas ou medidas de actuación alternativas tras unha correcta valoración de vantaxes e inconvenientes.	CB1

## Contidos

Tema	
A empresa no sistema económico	
Dirección financeira	
Dirección de operacións	
Dirección comercial	
Dirección de recursos humanos	
Dirección de innovación	

## Planificación

	Horas en clase	Horas fuera de clase	Horas totales
Lección magistral	30	30	60
Resolución de problemas de forma autónoma	0	20	20
Resolución de problemas	18	48	66
Exame de preguntas obxectivas	4	0	4

\*Los datos que aparecen en la tabla de planificación son de carácter orientativo, considerando la heterogeneidad de alumnado

## Metodoloxía docente

Descripción

- AULAS VIRTUAIS: A través das aulas virtuais do Campus Remoto da Universidade de Vigo, o profesorado impartirá seminarios de xeito análogo á docencia presencial. Iso se complementará co traballo autónomo que o alumnado debe dedicar á preparación destes seminarios. A impartición dos mesmos será comunicada oportunamente ó alumnado e adaptarase ás datas e horarios que estaban fixados no cronograma da materia.

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

O profesorado atenderá ó alumnado de forma personalizada aos efectos de aclarar dúbidas ou compartir impresións sobre os contidos da materia ou outras cuestións de carácter académico. Estas titorías desenvolveranse fundamentalmente a través de correo electrónico. De ser o caso, tamén se poderán realizar titorías colectivas a través das aulas virtuais.

#### ==== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Co fin de alterar o menos posible o sistema de avaliación que está previsto na guía docente da materia, o sistema de avaliación no caso de docencia mixta ou non presencial será o seguinte:

- Resultado da avaliación continua, que representará o 25% da nota final. Neste apartado valorarase a nota media das dúas probas tipo test realizadas nas datas indicadas na planificación docente. Estas probas test realizaranse de xeito virtual, a través da plataforma Faitic.

- Test teórico-práctico sobre a totalidade da materia, que representará o 50% da nota final. Esta proba test realizarase de xeito virtual, a través da plataforma Faitic, na data e hora que oportunamente se comunicará ó alumnado.

- Resolución dun suposto práctico, que representará o 25% da nota final. Esta proba consistirá na resolución dun suposto práctico que se lle fará chegar ó alumnado a través da plataforma Faitic, e que unha vez realizado, deberán remitir ó profesorado polo mesmo medio. Para a realización desta proba daránselle no seu momento ó alumnado as instrucións oportunas.

No caso do alumnado que opte por non seguir a avaliación continua o sistema de avaliación consistirá na realización dunha proba test teórico-práctica sobre a totalidade da materia, que suporá o 50% da nota final; e na resolución dun suposto práctico, que representará outro 50% da nota final. Ámbalas dúas probas se levarán a cabo da mesma forma indicada anteriormente.

Estes mesmos sistemas de avaliación seguiranse tamén, no seu caso, para a segunda oportunidade de exame (convocatoria de xullo), segundo a opción do alumnado.

---

## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Dirección de recursos humanos

Asignatura	Dirección de recursos humanos			
Código	V03G720V01322			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descriptores	Creditos ECTS 9	Carácter OB	Curso 3	Cuatrimestre 2c
Lengua	Castelán			
Impartición	Departamento Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Velando Rodríguez, María Elena			
Profesorado	Gómez Fraiz, José Santiago Suárez Porto, Vanessa María Velando Rodríguez, María Elena			
Correo-e	velando@uvigo.es			
Web				
Descripción general	Materia centrada no estudo pormenorizado das estratexias, procesos, e técnicas da dirección de recursos humanos nas empresas			

## Competencias

### Código

## Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaje	Competencias
Lograr o manexo por parte do alumnado dos coñecementos, e procesos propios da dirección e xestión de recursos humanos, mostrando compromiso coas consecuencias das súas accions en calquera contexto de intervención, reflexionando sobre os seus propios posicionamentos.	
Lograr por parte do alumnado o coñecemento e a aplicación correcta das principais técnicas e ferramentas propias da dirección e xestión de recursos humanos	
Lograr por parte do alumnado a aplicación de ferramentas de procura, filtrado e interpretación da información relevante na área de recursos humanos	
Tomar decisions na procura de soluciones a problemas relativos á situación socio-laboral da empresa, aplicando os métodos apropiados así como a emisión dos informes correspondentes	
Conseguir que o alumnado fixe obxetivos, elabore estratexias e planos de acción coherentes co seu entorno	

## Contidos

### Tema

BLOQUE I: FUNDAMENTOS DE RRHH	* A función de recursos humanos na empresa. * Dirección de recursos humanos na empresa. * Fontes básicas de información na toma de decisions de recursos humanos (análise e avaliación de postos e avaliación do rendimento).
BLOQUE II: ACTIVIDADES BÁSICAS NA DIRECCIÓN E XESTIÓN DE RRHH	* Planificación de recursos humanos na empresa. * Estratexias, procesos e técnicas de compensación e retribución. * Estratexias, procesos e técnicas de recrutamento, selección e socialización. * Estratexias, procesos e técnicas de desenvolvemento dos recursos humanos.

## Planificación

	Horas en clase	Horas fuera de clase	Horas totales
Estudio de casos	27.5	32.5	60
Resolución de problemas de forma autónoma	0	30	30
Prácticas de laboratorio	10	7.5	17.5
Estudio previo	0	30	30
Lección magistral	37.5	50	87.5

\*Los datos que aparecen en la tabla de planificación son de carácter orientativo, considerando la heterogeneidad de alumnado

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descripción
Estudo de casos	Formulación, resolución, presentación e debate de exercicios/cuestíons/problemas/casos prácticos por parte do alumnado, de forma individual ou en grupo, baixo a proposta, guía e supervisión do profesorado. O/a alumno/a debe desenvolver as soluciones axeitadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, fórmulas ou algoritmos específicos e axeitados, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa disciplina. O alumnado debe desenvolver de forma autónoma a análise e a resolución dos problemas e/ou exercicios polo que é preciso que o estudiantado traballe previamente o material explicado polo profesorado.
Prácticas de laboratorio	Exercicios de aplicación práctica de diversas técnicas por parte do alumnado a través das TIC específicas en aulas de informática, de forma individual ou en grupo, baixo a proposta, guía e supervisión do profesorado.
Estudo previo	Traballo autónomo do alumnado que consistirá na procura, lectura e traballo de documentación, preparación e propostas de resolución de problemas e/ou exercicios, así como na preparación de probas availables.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices do traballo, exercicios ou proxectos que debe desenvolver o estudiante. Requírese a participación activa do alumnado na aula. Ademais soe ser necesario que o estudiantado traballe previamente o material entregado polo profesorado.

## **Atención personalizada**

### **Metodologías Descripción**

Estudo de casos	Prantexamento, resolución, presentación e debate de exercicios/cuestíons/problemas/casos prácticos por parte do alumnado, de forma individual ou en grupo, baixo a proposta, guía e supervisión do profesorado. Estas sesions poderanse realizar polos medios telemáticos fixados polo profesorado baixo a modalidade de concertación previa.
-----------------	---

## **Avaliación**

	Descripción	Calificación	Competencias Evaluadas
Estudo de casos	Avaliarase a comprensión da materia, a aplicación de técnicas específicas axeitadas, a argumentación, a capacidade de transmisión de contidos, na realización de presentacions, resolución de problemas, casos e exercicios nun tempo e condicions establecidos polo profesorado ó longo do periodo lectivo. A aplicación desta técnica correspondece coas prácticas da materia recollidas nos grupos medianos.	50	
Lección maxistral	Avaliarase a comprensión da materia, a adquisición de competencias de coñecemento, e destreza na práctica, a través de probas de avaliación con contido teórico e práctico, formuladas polo profesorado ó longo do periodo lectivo.	50	

## **Otros comentarios sobre la Evaluación**

Existen dous sistemas de avaliação excluientes: o sistema de avaliação continua e o sistema de avaliação non continua.

### **O Sistema de Avaliación continua**

A descripción desta guía está pensada para a modalidade de avaliação continua.

Enténdese que o alumnado elixe o sistema de avaliação continua no caso de que se presente a algúnhha proba das efectuadas durante ó período lectivo. Pero se transcorridas as 3 primeiras probas prácticas puntuables o alumnado non se presenta a ningunha outra proba puntuable máis entenderase que a/o alumna/o renuncia á avaliação continua.

O alumnado que sexa avaliado no réxime de avaliação continua terá a posibilidade de superar a materia e de obter o 100% da nota. Superarase a materia sempre e cando a suma ponderada dos resultados de tódalas probas efectuadas ó longo do período lectivo sexa maior ou igual a 5 puntos sobre 10.

Si o estudiante non supera a materia por avaliação continua, este poderá presentarse ó exame, tanto na convocatoria ordinaria como na extraordinaria, que terá lugar na data oficial establecida polo Decanato da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Nese caso, na convocatoria ordinaria a nota final da materia resultará da suma da nota obtida na avaliação continua, que suporá un 50% da nota final, e a nota obtida no exame celebrado nas datas oficiais, que valerá o 50% restante. Para aprobar a materia será preciso obter unha nota igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Na convocatoria extraordinaria realizarase un examen final a realizar na data e lugar establecidos polo Decanato de Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, cunha puntuación máxima de 10 puntos. Para aprobar a materia será

preciso obter unha nota igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Dito examen versará sobre a totalidade da materia.

As actividades de avaliación continua solo se poderán entregar nas datas e sesións establecidas ó efecto, debendo cada estudiante asistir ó grupo que teña asignado para a realización das mesmas. O cambio de grupo neste caso deberá ser autorizado polo profesorado.

### O sistema de Avaliación non continua

Para as convocatorias ordinaria e extraordinaria consistirá nun exame final a realizar na data e hora establecidas polo Decanato da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, cunha puntuación máxima de 10 puntos. Dito exame versará sobre a totalidade da materia.

Os exames das convocatorias ordinarias e extraordinarias desta materia terán lugar na data, hora e lugar establecido polo Decanato da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

O calendario de exames publícase ó inicio do curso polo Decanato da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, pero dito calendario pode ser modificado ao longo do curso por algúns imprevistos. Consulten a páxina web da facultade, por se hai cambios.

Na convocatoria de fin de carreira, o exame suporá o 100% da cualificación.

### DECÁLOGO DE BOAS PRÁCTICAS

1. Non está permitido facer uso de teléfonos móbiles, ordenadores portátiles, tablets ou similares nas sesións de traballo. Estes deben estar desconectados, agás autorización expresa do profesorado.
2. Os teléfonos móbiles deben estar pechados na realización das probas e o alumnado non debe ter consigo reloxos e demais dispositivos intelixentes na realización das mesmas, agás autorización expresa do profesorado.
3. Non está permitido comer nin beber (agás auga) na clase.
4. É imprescindible asistir ás sesións de aula co material necesario para o seu desenvolvemento (tales como manual, apuntes, enunciado da práctica, entre outros).
5. O plaxio total ou parcial nas actividades entregadas levará a invalidación das mesmas.
6. Para a realización dos exames só se permite o material indicado polo profesorado.
7. A/o alumna/o deberá presentarse ao exame debidamente identificado, co D.N.I, pasaporte ou carné de conducir, non sendo válido outro documento.
8. Tódolos exames e probas puntuables deberán ser entregados a súa finalización e baixo ningún concepto poderán ser sacados fora da aula, nin fotografiados nin gravados polo alumnado.
9. A revisión de exames terá lugar só no horario e lugar establecido polo profesorado.
10. No caso das actividades docentes que se leven a cabo por medios telemáticos véase <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

No caso de incumprimento das normas anteriores, o profesorado poderá adoptar as medidas que estime oportunas.

---

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

ALBIZU GALLASTEGUI, E. e LANDETA RODRÍGUEZ, J., **Dirección Estratégica de los Recursos Humanos. Teoría y Práctica.**, Pirámide, 2011

DE LA CALLE, M.C. e ORTIZ DE URBINA, M., **Fundamentos de Recursos Humanos**, 2<sup>a</sup> ed., Prentice Hall, 2013

LEAL, A., ALFARO DE PRADO, A., RODRÍGUEZ, L. e ROMÁN, M., **El Factor Humano en las Relaciones Laborales**, Pirámide, 1999

PEREDA MARÍN, S., **Dirección y gestión de recursos humanos por competencias**, Editorial Universitaria Ramón Areces, 2011

#### Bibliografía Complementaria

ALLES, M.A., **Dirección Estratégica de Recursos Humanos**, 3<sup>a</sup> ed., Granica, 2015

BYARS, L. e RUE, L., **Gestión de los Recursos Humanos**, Irwin, 1996

DESSLER, G., **Administración de Recursos Humanos**, Prentice Hall, 2009

DELGADO M<sup>a</sup> I., GÓMEZ L., VÁZQUEZ E., **Gestión de los Recursos Humanos, del Análisis Teórico a la Solución Práctica**, Prentice Hall, 2006

DOLAN, S., VALLE, R., JACKSON, S e SCHULER, R.S., **La Gestión de los Recursos Humanos**, McGraw Hill, 2007

FERNÁNDEZ AGUADO J., **Dirigir Personas en la Empresa. Enfoque conceptual y Aplicaciones Prácticas.**, Pirámide, 2007

FERRER LOPEZ, M.A., **Como confeccionar nóminas y seguros sociales 2017**, 30, Deusto, 2017

FISHER, C., SCHOENFELDT, L. e SHAW, J., **Human Resource Management, 6th ed.**, Mifflin Co., 2006

GARCÍA TENORIO, J. e SABATER, R., **Fundamentos de Dirección y Gestión de Recursos Humanos**, Thomson, 2004

MONDY, R., **Administración de recursos humanos**, Prentice Hall., 2010

ROBLEDO CAMACHO, M., **D3D. Un Enfoque Integral de la Dirección de Empresas**, Díaz de Santos, 2004

RUBIO DE MEDINA, M.D., **Retribuciones Laborales**, Bosch, 2005

SASTRE CASTILLO, M.A. e AGUILAR PASTOR, E.M., **Dirección de Recursos Humanos. Un Enfoque Estratégico.**, McGraw Hill, 2003

VELANDO RODRÍGUEZ, M.E., **Manual Práctico de Planificación de Necesidades de Recursos Humanos**, Amazon, 2020

ODE, **Estudio de retribuciones 2012**, ODE, 2012

ODE, **Estudio de retribuciones 2015**, ODE, 2015

ICSA, **Informe de Remuneraciones Pymes y Gran empresa**, ICSA, 2020

<http://www.expansionyempleo.com>,

<http://www.losrecursoshumanos.com/>,

<http://www.rrhhdigital.com/>,

<http://www.rrhhmagazine.com/>,

<http://www.empleo.gob.es/>,

<http://www.seg-social.es/>,

<http://www.sepe.es>,

<http://www.ine.es>,

## Recomendacións

### Asignaturas que se recomienda haber cursado previamente

Empresa: Fundamentos de administración/V03G020V01102

Empresa: Xestión de empresas/V03G020V01203

### Otros comentarios

Aportarase ó alumnado a información e as pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.

Esta materia no PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas-Grao en Dereito impártese no 2º cuatrimestre do 3º curso e o profesorado responsable está integrado por: Vanessa Suárez Porto, Santiago Gómez Fraiz e Mª Elena Velando Rodríguez (Coordinadora)

## Plan de Continxencias

### Descripción

==== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade de Vigo establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridad, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado.

No caso de impartir a docencia en modalidade non presencial, a actividade docente impartirase mediante o Campus Remoto e utilizaráse a plataforma de teledocencia MooVi como reforzo, sen alteracións na metodoloxía e no sistema de avaliación.

## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Decisións de investimento

Asignatura	Decisións de investimento			
Código	V03G720V01323			
Titulacion	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descriptores	Creditos ECTS 6	Carácter OB	Curso 3	Cuatrimestre 2c
Lengua	Castelán			
Impartición	Inglés			
Departamento	Economía financeira e contabilidade			
Coordinador/a	Garrido Valenzuela, Irene			
Profesorado	Garrido Valenzuela, Irene			
Correo-e	ireneg@uvigo.es			
Web	<a href="http://https://fprado.webs.uvigo.es/">http://https://fprado.webs.uvigo.es/</a>			
Descripción general	Nesta materia preténdese dotar ao alumno dos coñecementos teóricos necesarios e a capacidade analítica para resolver problemas de pequena complexidade no ámbito da xestión financeira, principalmente na avaliación de rendibilidade de investimentos. Os coñecementos adquiridos serven como base previa para afrontar o estudo doutras materias do Grao na área de Finanzas.			

## Competencias

### Código

## Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaje	Competencias
(*)Coñece-los principios básicos da xestión financeira de empresas	
(*)Coñece-lo obxectivo financeiro e a súa relación coa actividade da empresa	
Identificar e estimar a estrutura financeira adecuada en función do ciclo de explotación e actividade da empresa	
(*)Coñecer o concepto de investimento e o seu interrelación coa estrutura financeira e obxectivo financeiro	
(*)Coñecer e estimar as variables que inflúen nun investimento e aplica-las principais técnicas analíticas para determinar a rentabilidade dos investimentos	
(*)Interpretar e dar a coñecer os diferentes resultados obtidos na avaliación e rentabilidade de investimentos	
(*)Aplicar ferramentas informáticas na resolución de supostos prácticos de xestión financeira empresarial	
(*)Coñecer e valorar a incidencia do risco na rentabilidade dos investimentos	

## Contidos

### Tema

Fundamentos da xestión financeira da empresa	- A función financeira da empresa: Evolución histórica das finanzas. O obxectivo financeiro. Competencias da función financeira da empresa. - A estrutura económico financeira da empresa: Os fluxos financeiros na empresa. O equilibrio entre as masas patrimoniais: o concepto de Fondo de Rotación. Os ciclos de actividade da empresa e o Período medio de Maduración. Principais cocientes para a análise económica-financeiro. - Metodoloxía de cálculo financeiro aplicable nas decisións de investimento Efectos do tempo sobre o valor do diñeiro: a inflación e o tipo de interese. Valor futuro do diñeiro: operacións de capitalización. Valor actual do diñeiro: operacións de actualización. Cálculo de rendas.
Concepto e clases de investimentos	Concepto de investimento. Clasificación investimentos na empresa. implicacións dos investimentos para a empresa.
Factores determinantes dun investimento	Principais magnitudes para avaliar a rendibilidade dos investimentos. Estimación de fluxos de tesouraría
Avaliación de investimentos	Métodos estáticos de selección de investimentos. A taxa de actualización ou custo de capital da empresa. O criterio do valor capital. O criterio da TIR.

Interpretación e toma de decisiones de investimento	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xerarquización de proxectos en base ao valor capital e TIR: Condicóns para a non concordancia entre ambos e punto de Fisher. Comparación da rendibilidade de varios investimentos: a homoxeneización. A inconsistencia da TIR.</li> <li>- A consideración do risco nas decisiones de investimento</li> <li>- Metodoloxías complementarias</li> </ul>
---	---

<b>Planificación</b>			
	Horas en clase	Horas fuera de clase	Horas totales
Prácticas con apoio das TIC	13	20	33
Resolución de problemas	7	10	17
Resolución de problemas de forma autónoma	0	10	10
Lección maxistral	30	58	88
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2

\*Los datos que aparecen en la tabla de planificación son de carácter orientativo, considerando la heterogeneidad de alumnado

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descripción
Prácticas con apoio das TIC	Proposta de problemas complexos da materia. Explicación e uso de ferramentas informáticas aplicadas a resolución de problemas financeiros. Introdución de datos, estrutura e aplicación de funcións financeiras. Presentación e análise de resultados
Resolución de problemas	Formulación e resolución de supostos prácticos que complementen a sesión maxistral e permitan que os alumnos consoliden coñecementos. Os alumnos poden *interactuar co profesor a través de preguntas que se responderán de maneira personalizada.
Resolución de problemas de forma autónoma	Os alumnos resolverán supostos propostos ao longo do cuadrimestre de maneira autónoma. Estes supostos serán avaliados polo profesor a través da medición de adquisición de competencias e constituirán a parte de avaliação continua da materia que suporá unha porcentaxe da cualificación final.
Lección maxistral	Exposición na aula por parte do profesor do profesor dos contidos más relevantes, a partir da base de material docente posto a disposición dos alumnos en plataforma e bibliografía indicada.

<b>Atención personalizada</b>	
<b>Metodologías</b>	<b>Descripción</b>
Prácticas con apoio das TIC	Resolución de problemas con apoio informático
Resolución de problemas	Solución de dúbidas na resolución de exercicios prácticos

	Descripción	Calificación	Competencias Evaluadas
Exame de preguntas de desenvolvemento	Avaliación continua a través de exames parciais con resolución de proba escrita presencial, sobre a adquisición de competencias da materia.  Os alumnos poderán optar entre avaliação continua a través de exames parciais (100% nota final), ou de maneira alternativa, avaliação global de toda a materia nos exames finais e fin de carreira das convocatorias oficiais (100% nota final).  Sistema de avaliação continua: Realizaranse ao longo do curso 2 probas, cunha ponderación do 50% e 50% respectivamente. A última destas probas terá lugar o mesmo día que o exame final.  Os estudiantes poderán optar entre avaliação continua ou avaliação global a través de exame final (100%) o día do exame final na súa primeira oportunidade. No exame de segunda oportunidade e fin de carreira non se conserva a nota de avaliação continua e necesariamente haberá que realizar un exame final global co 100% da cualificación.	100	

### **Otros comentarios sobre la Evaluación**

Pódense consultar as datas de examenes en <http://fccee.uvigo.es>

As diferenzas entre sistemas de evaluacion entre os distintos centros que imparten o Grao en Administracion de Empresas na Universidade de Vigo (Facultade de Ourense) , xustifícanse pola necesaria adaptacion na medicion da consecucion dos mesmos resultados de aprendizaxe e adquisicion de iguais competencias ás diferentes organizacóns docentes de cada

Centro, especialmente en canto a tipo de grupos, e numero medio de alumnos por grupo.

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

Pindado García, J., **Finanzas empresariales**, PAraninfo, 2012

Moovi, **Material teórico y práctico**,

Brigham, E.F. and Erhardt, M., **Financial management: theory and practice**, South western Thompson learning, 2002

### Bibliografía Complementaria

Irene Pisón Fernández, **Dirección y gestión financiera de la empresa**, Pirámide, 2001

Blanco Ramos, F. y Ferrando Bolado, M., **Dirección Financiera I. Selección de inversiones.**, Pirámide., 2008

Cibrán Ferraz, P. y Villanueva Villar, M., **Gestión financiera : teoría y casos prácticos**, Tórculo., 2005.

Fernández Alvarez, A.I., **Introducción a las finanzas.**, Civitas, 1994

Hayat, S. y San Millán, A., **Finanzas en excel.**, McGraw Hill, 2006

López López, V.; Illanes Sánchez, J.C., **Casos de Economía de la Empresa: modelos y soluciones con excel**, Netbiblo, 2002

Mascareñas Pérez Iñigo, J., **Finanzas para directivos**, Pearson, 2010

Suárez Suárez, A.S., **Decisiones óptimas de inversión y financiación**, Pirámide, 2014

Vallelado González, E.; Azofra Palenzuela, V., **Prácticas de Dirección Financiera**, Pirámide, 2002

Valls Martínez, Mª del Carmen, **Introducción a las Finanzas**, Pirámide, 2014

## Recomendaciones

### Asignaturas que continúan el temario

Análise contable/V03G020V01601

Decisións de financiamento/V03G020V01501

Valoración de activos/V03G020V01604

Planificación financeira/V03G020V01702

### Asignaturas que se recomienda cursar simultáneamente

Contabilidade financeira II/V03G020V01401

### Asignaturas que se recomienda haber cursado previamente

Empresa: Matemática das operacións financeiras/V03G020V01202

Empresa: Contabilidade financeira I/V03G020V01301

## Otros comentarios

Esta materia no PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas-Grao en Dereito impártese no 2º cuadrimestre do 3ºCurso e a profesora responsable é a Dra. Irene Garrido Valenzuela

## Plan de Continxencias

### Descripción

==== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

==== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen

Seguiremos mantendo as diversas metodoloxías docentes se é necesario nun escenario non presencial ou parcialmente presencial

\* Metodoloxías docentes que se modifican

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

correo electrónico, teléfono e despacho campus remoto

\* Modificacións (se procede) dos contidos a impartir

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Todo o material necesario está incorporado na plataforma moovi

\* Outras modificacións

==== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

\* Probas xa realizadas

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

...

\* Probas pendentes que se manteñen

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

...

\* Probas que se modifican

[Proba anterior] => [Proba nova]

Mantense o mesmo sistema de avaliação, pero si as probas parciais ou finais non se poden realizar presencialmente, realizaranse se é necesario nun escenario non presencial ou parcialmente presencial

\* Novas probas

\* Información adicional

---

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS</b>								
<b>Dirección comercial I</b>								
Asignatura	Dirección comercial I							
Código	V03G720V01324							
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito							
Descriptores	Creditos ECTS 6	Carácter OB	Curso 3	Cuatrimestre 2c				
Lengua	Castelán							
Impartición								
Departamento	Organización de empresas e márketing							
Coordinador/a	Pariente Ojea, Ángeles							
Profesorado	Pariente Ojea, Ángeles							
Correo-e	angeles.pariente@a2laboratoriodeideas.com							
Web								
Descripción general	A materia conecta ao alumno con aspectos da mercadotecnia básicos para coñecer e entender o mercado e os consumidores da empresa. En concreto, a materia Dirección Comercial 1 pretende profundar no estudo da mercadotecnia estratégica e das ferramentas de análise e planificación do mercado que leva a desenvolver estratexias exitosas para as empresas no mercado.							
<b>Competencias</b>								
Código								
<b>Resultados de aprendizaxe</b>								
Resultados de aprendizaje	Competencias							
Posuí coñecementos para elaborar plans e políticas na empresa.								
Capacidades de análises, comunicación, responsabilidade e compromiso.								
<b>Contidos</b>								
Tema								
Tema 1. Concepto e contido da mercadotecnia								
Tema 2. A planificación de mercadotecnia								
Tema 3. Análise do mercado e os consumidores								
Tema 4. A segmentación de mercados								
<b>Planificación</b>								
	Horas en clase	Horas fuera de clase	Horas totales					
Lección maxistral	30	0	30					
Estudo de casos	20	53	73					
Exame de preguntas obxectivas	2	45	47					
*Los datos que aparecen en la tabla de planificación son de carácter orientativo, considerando la heterogeneidad de alumnado								
<b>Metodoloxía docente</b>								
	Descripción							
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudio. Requírese a participación activa do alumnado na aula a través de exposicións, resolución de exercicios, debates e outras actividades. Recoméndase ao estudiante que traballe previamente o material entregado polo profesor e que se consulte a bibliografía recomendada para completar a información co fin de seguir as explicacións.							
Estudo de casos	Realización de casos prácticos, exercicios de comprensión dos temas, traballos e exposicións relacionadas cos temas da materia.							
<b>Atención personalizada</b>								
<b>Avaluación</b>								
	Descripción	Calificación	Competencias Evaluadas					

Estudo de casos	Resolución de casos prácticos, exercicios de comprensión dos temas, traballos e exposicións relacionadas cos temas da materia.	50
Exame de preguntas obxectivas	Proba escrita que consistirá en responder a preguntas tipo test ou doutro tipo sobre aspectos concretos do contido da materia.	50

## Otros comentarios sobre la Evaluación

A puntuación obtida pola participación, así como a realización e entrega de todas aquelas tarefas establecidas polo profesor (casos, exercicios, exposicións, ...), mantense nas convocatorias ordinaria e extraordinaria do curso académico en vigor pero NON se gardará para vindeiros cursos.

Os alumnos que non sigan a avaliación continua serán examinados mediante unha proba escrita valorada sobre 10 puntos que non necesariamente coincidirá coa do resto dos alumnos. Se considerará que os alumnos que asistan a un 20% das prácticas están realizando avaliación continua, salvo que de forma expresa indiquen que se acollen a avaliación non continua. O prazo para renunciar á avaliación continua será até 15 días antes da data do exame.

As datas de exámenes deberán ser consultadas na paxina web da Facultade "<http://fccee.uvigo.es>".

Na convocatoria de fin de carreira os alumnos serán avaliados mediante unha proba escrita valorada en 10 puntos.

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

Armstrong, G.; Kotler, P.; Merino, M.J.; Pintado, T.; Juan, J.M., **Introducción al marketing**, 3ª, Pearson, 2011

Santosmases, M.; Merino, M.J.; Sánchez, J.; Pintado, T., **Fundamentos de marketing**, 1ª, Pirámide, 2009

### Bibliografía Complementaria

López, M.J., **Marketing estratégico**, 1ª, Pearson, 2013

Santosmases, M., **Marketing. Conceptos y estrategias**, 6ª, Pirámide, 2012

Esteban Talaya, A.; Mondéjar Jiménez, J.A., **Fundamentos de marketing**, 1ª, Esic, 2013

## Recomendacións

### Asignaturas que continúan el temario

Dirección comercial II/V03G020V01502

### Asignaturas que se recomienda haber cursado previamente

Empresa: Xestión de empresas/V03G020V01203

## Otros comentarios

Achegarase ao alumnado a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo. Esta materia no \*PCGE Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito impártese no segundo cuatrimestre do 3º curso e a profesora responsable é María de los Ángeles Pariente Ojea.

## Plan de Continxencias

### Descripción

== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ==

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinénlo atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ==

\* Metodoloxías docentes que se manteñen: todas

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías): correo electrónico.

\* Modificacións (si proceden) dos contidos a impartir: non.

== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ==

\* Valoracións que se modifican

Estudo de casos: nova valoración 80% (antes 50%)

Exame de preguntas obxectivas: nova valoración 20% (antes 50%)

Alumnos non continua: EXAME ORAL en liña (100%)

Convocatoria de Fin de carreira: EXAME ORAL en liña (100%)

---

## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Teoría da organización

Asignatura	Teoría da organización			
Código	V03G720V01325			
Titulacion	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descriptores	Creditos ECTS 6	Carácter OB	Curso 3	Cuatrimestre 2c
Lengua	Castelán			
Impartición	Galego			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Comesaña Benavides, Fernando			
Profesorado	Comesaña Benavides, Fernando Gómez Fraiz, José Santiago			
Correo-e	fercoben@uvigo.es			
Web	<a href="http://moovi.uvigo.gal/course/view.php?id=2611">http://moovi.uvigo.gal/course/view.php?id=2611</a>			
Descripción general	O alumnado debe adquirir a través desta materia coñecementos e competencias relativas a como funcionan as organizacións, como toman decisións, desenvolven estratexias, estrutúranse a si mesmas para a consecución dos obxectivos, así como as relacións de poder que rodean e impregnan as organizacións e o modo en que as sociedades interactúan cas organizacións.			

Esta materia NON se atopa dentro do programa English Friendly.

## Competencias

### Código

## Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaje	Competencias
Coñecer os fundamentos da Teoría da organización para poder aplicalos na creación da estrutura organizativa da empresa	
Analizar as oportunidades e ameazas que expón a contorna a nivel organizativo.	
Describir as principais estruturas organizativas, coñecendo as súas vantaxes e inconvenientes, así como o tipo de empresa que as utiliza.	
Formular as relacións entre goberno corporativo, control, influencia e cultura organizativa.	
Aplicar os procedementos de análises e coñecementos á resolución de problemas/cuestions organizativas concretas.	
Identificar os diferentes enfoques da teoría e as distintas visións persoais dun equipo de traballo na realización dun proxecto común.	

## Contidos

### Tema

CAPÍTULO I: FUNDAMENTOS DE TEORÍA DA ORGANIZACIÓN

CAPÍTULO II: O CONTEXTO DAS ORGANIZACIÓN S

CAPÍTULO III: ARQUITECTURA ORGANIZATIVA

CAPÍTULO IV: COMPORTAMENTO, GOBERNO, CONTROL, INFLUENCIA E CULTURA ORGANIZATIVA

CAPÍTULO V: DESENVOLVEMENTO ORGANIZACIONAL

## Planificación

	Horas en clase	Horas fuera de clase	Horas totales
Lección magistral	28	28	56
Resolución de problemas de forma autónoma	15	15	30
Presentación	2	4	6
Seminario	2.5	5	7.5
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	31	33
Traballo	0.5	17	17.5

\*Los datos que aparecen en la tabla de planificación son de carácter orientativo, considerando la heterogeneidad de alumnado

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descripción
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices do traballo, exercicios ou proxectos a desenvolver polo estudiante.
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolución e presentación de exercicios/cuestións/traballos por parte do alumno tanto de forma individual como en grupo baixo a proposta, guía e supervisión do profesor.
Presentación	Presentación e exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudiantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto, etc. Traballarase en grupo.
Seminario	Titorías en grupo reducido. Reunións que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento, desenvolvemento e supervisión de actividades da materia no proceso de aprendizaxe.

## **Atención personalizada**

<b>Metodologías Descripción</b>	
Seminario	Titorías en grupo reducido. Reunións que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento, desenvolvemento e supervisión de actividades da materia no proceso de aprendizaxe.

## **Avaliación**

	Descripción	Calificación	Competencias Evaluadas
Resolución de problemas de forma individual ou en grupo, de cuestións expostas, guiadas e supervisadas polo profesorado sobre a materia. Avaliarase a participación do alumno e a súa capacidade de integración dos conceptos desenvolvidos en clase	Proba obxecto de avaliación continua. Consiste na resolución, de forma individual ou en grupo, de cuestións expostas, guiadas e supervisadas polo profesorado sobre a materia. Avaliarase a participación do alumno e a súa capacidade de integración dos conceptos desenvolvidos en clase	20	
Presentación	Exposición oral por parte do alumnado dun tema concreto ou dun traballo (previa presentación escrita)	15	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba para avaliar os coñecementos adquiridos polo alumnado sobre a materia. A resposta debe ser breve. Terase en conta a capacidade de entendemento, de relación entre conceptos e de aplicación a distintas situaciones e continxencias, por parte do estudiantado.	50	
Traballo	Realización por parte do alumnado dun traballo escrito sobre un tema concreto. Avaliarase a súa capacidade de aplicar os conceptos asimilados nas clases maxistrais a situacións nun contexto real ou similar.	15	

## **Otros comentarios sobre la Evaluación**

O método de avaliação da materia por defecto será a avaliação continua. A concreción das actividades a realizar dependerá en gran medida do número de alumnos, medios para traballar en grupo, etc, e os detalles das puntuacións obtidas nas diferentes actividades a realizar se explicitarán na plataforma de teledocencia.

Alternativamente ao sistema de avaliação continua, o estudiantado poderá ser avaliado cun exame final que suporá o 100% da cualificación, tanto na convocatoria ordinaria como na extraordinaria.

Na convocatoria de fin de carreira, o exame suporá o 100% da cualificación.

As datas dos exames da materia poderán ser consultadas na páxina web da Facultade <http://fccee.uvigo.es>

Esta materia no PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas - Grao en Dereito, impartese no 2º cuatrimestre do terceiro curso e o profesorado responsable está integrado por Fernando Comesaña Benavides e José Santiago Gómez Fraiz.

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

Cabanelas, J., et al, **Lecturas teoría de la organización**, 2020

### **Bibliografía Complementaria**

Argyris, C., **On organizational learnig**, 1994

Hodge, B.J., et al, **Teoría de la organización, un enfoque estratégico**, 1998

## **Recomendacións**

**Asignaturas que se recomienda haber cursado previamente**

Empresa: Fundamentos de administración/V03G020V01102

Empresa: Xestión de empresas/V03G020V01203

**Otros comentarios**

Esta materia no PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas-Grao en Dereito impártese no 2º cuatrimestre do 3º curso e o profesorado responsable está integrado por Fernando Comesaña Benavides e José Santiago Gómez Fráiz.

**Plan de Continxencias****Descripción****==== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===**

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinínenlo atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

**==== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===**

- Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas pasando a modalidade remota

- Metodoloxías docentes que se modifican

Todas pasando a modalidade remota

- Modificacións (si proceden) dos contidos a impartir

Non procede. Serán os mesmos contidos

- Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe

Non é necesaria

- Outras modificacións

Non son necesarias

**==== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===**

Todas as probas consistirán en probas presenciais que se convirten en remotas co cambio das continxencias.

## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Dereito do traballo e da seguridade social

Asignatura	Dereito do traballo e da seguridade social			
Código	V03G720V01411			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descriptores	Creditos ECTS 9	Carácter OB	Curso 4	Cuatrimestre 1c
Lengua Impartición	Castelán			
Departamento	Dereito público especial			
Coordinador/a	Cabeza Pereiro, Jaime			
Profesorado	Cabeza Pereiro, Jaime			
Correo-e	jcabeza@uvigo.es			
Web				
Descripción general	Nesta asignatura se aborda amplamente as institucións de Dereito do Traballo, con particular atención ao contrato de traballo. Tamén se trata o Dereito Colectivo, con énfase na liberdade sindical nos dereitos de participación, negociación e conflito, ademáis do derecho de folga. E describese someramente o réxime español de Seguridade Social.			

## Competencias

### Código

CB1	Que os estudiantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudiantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudiantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudiantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaje	Competencias
Coñecer, comprender, interpretar e analizar críticamente as principais institucións e fontes do Dereito do Traballo e da Seguridade Social.	CB1
Coñecer e interpretar a regulación básica do contrato de traballo.	CB2 CB3
Coñecer e interpretar as institucións de Dereito colectivo do Traballo.	CB2 CB3
Coñecer e interpretar as institucións de Seguridade Social.	CB2 CB3
Manexar acaídamente a lexislación laboral e de Seguridade Social	CB3 CB4 CB5
Aplicar nos conflitos individuais e colectivos as normas legais e pactadas	CB3 CB4 CB5

## Contidos

### Tema

## PARTE I.- INTRODUCCIÓN E FONTES

### TEMA 1.- CONCEPTO E ÁMBITO APLICATIVO DA DISCIPLINA

Presupostos configuradores. Especial referencia ao traballo **por conta aldea** e a dependencia. O traballo na era dixital.  
O traballo autónomo. O Estatuto do Traballador Autónomo. O traballador autónomo económico dependente.  
Exclusións legais. Traballos familiares e servizos benévolos. Conselleiros de sociedades. Funcionarios públicos e demáis persoal estatutario.  
Prestacións persoais obligatorias. Transportistas.  
Relacións laborais de carácter especial. Persoal de alta dirección e asimilados. Servidores do fogar familiar. Penados nas institucións penitenciarias. Deportistas profesionais. Artistas en espectáculos públicos. Representantes de comercio. Similitude e diferencias cos axentes mercantís. Traballadores diminuídos en centros especiais. Avogados en despachos profesionais. Médicos residentes. Outras. Referencia a traballos singulares. Especial consideración ás sociedades laborais e ás cooperativas de traballo asociado.

---

### (\*)TEMA 2. FUENTES DEL DERECHO DEL TRABAJO.TEMA 2. FONTES DO DEREITO DO TRABALLO.

Lexislación estatal. A Constitución.- Normas con rango de lei.- Regulamentos.- Normativa das Comunidades Autónomas.- O ámbito de aplicación da Lei do Reino de España. O Regulamento Comunitario 593/2009 (Roma I). O art. 1.4 ET.  
Normas colectivas. O convenio colectivo. Concepto.- O art. 37 da Constitución. Eficacia do convenio.- Tipoloxía de convenios. Remisión. Lexislación supraestatal. Tratados bilaterais e multilaterais.- Convenios e recomendacións da OIT.- Normativa do Consello de Europa. Normativa da Unión Europea.  
Outras fontes. Usos e costumes profesionais.- A xurisprudencia e a doutrina xudicial.- Os principios xerais do dereito.- Principios laborais: Respeto aos mínimos, norma máis favorable, condición máis beneficiosa, irrenunciabilidade de dereitos, pro operario.- O Dereito común.

---

## PARTE II. A RELACIÓN INDIVIDUAL DE TRABALLO

### TEMA 3. O CONTRATO DE TRABALLO.

Concepto.- Partes: traballador e empresario.- Capacidad do traballador. A idade.- Etranxeiros e nacionais de Estados membros da Unión Europea.- Nulidade do contrato.- Forma. Presunción de contrato. Copia básica e dereitos de información e transparencia do traballador.- Período de proba.

---

### TEMA 4. INTERMEDIACIÓN, EMPREGO, FOMENTO DO EMPREGO E RELACIÓN TRIANGULARES DE TRABALLO.

A política de emprego: contido e aparello institucional. Intermediación. Servizos públicos de emprego e axencias de colocación.  
Fomento do emprego. Subvencións e bonificacións. Relacións triangulares de traballo. A descentralización productiva.  
Concepto e tipoloxía.- Contratas e subcontratas. Responsabilidade laboral, administrativa e de Seguridade Social. Dereitos informativos.- Cesión de traballadores e tráfico de man de obra.- Empresas de traballo temporal. Requisitos. Contrato de posta a disposición. Contrato de traballo.  
Relación do traballador coa empresa usuaria.- Sucesión da empresa.  
Concepto. Responsabilidades solidarias. Facultades dos representantes legais.

---

### TEMA 5. MODALIDADES DE CONTRATO DE TRABALLO.

Contratos indefinidos. Fijo discontinuo. Contratos formativos. Os dereitos formativos. Contrato para a formación e aprendizaxe.- Contrato en prácticas. Contratos temporais estructurais. Obra ou servizo determinado.- Eventual.-Interinidad. Reglas xerais aplicables a todos os contratos temporais  
De relevo.- En empresas de inserción. Contrato a tempo parcial. Concepto.  
Forma.- Voluntariedade. - Horas complementarias.  
Traballo a distancia e teletraballo.

---

### TEMA 6. OBRIGAS DO TRABALLADOR.

Prestación do traballo.-Diligencia e rendemento normal.-Obediencia e desobediencia lexítima.-A non concorrenza. Pactos de exclusividade e de permanencia.

## TEMA 7. DEREITOS BÁSICOS DO TRABALLADOR.

Respeto á súa dignidade e igualdade de tratamento.- Dereito a intimidade.- O acoso por razón de sexo e o acoso sexual. O acoso moral.- Non discriminación por razón de sexo. Discriminacións directas e indirectas.- Dereito a intimidade- Ocupación efectiva.- Formación e promoción profesionais.

## TEMA 8. A RETRIBUCIÓN.

El alumnado que renuncie al sistema de evaluación continua deberá comunicárselo a la coordinadora de la materia por escrito antes de la segunda práctica.

En la convocatoria de fin de carrera el examen supondrá el 100% de la calificación.

La fecha de los exámenes se puede consultar en la página web de la facultad: <http://fccee.uvigo.es/>

<b>Fuentes de información</b>	
<b>Bibliografía Básica</b>	
Malhotra, N.K., <b>Investigación de mercados. Conceptos esenciales</b> , Pearson, 2016	
<b>Bibliografía Complementaria</b>	
Fernández Nogales, A., <b>Investigación y técnicas de mercados</b> , Segunda edición, Esic, 2004	

## Recomendaciones

### Asignaturas que se recomienda haber cursado previamente

Dirección comercial I/V03G020V01403

Dirección comercial II/V03G020V01502

### Otros comentarios

Esta materia en el doble grado ADE-Derecho se imparte en el segundo cuatrimestre de 5º curso y la profesora responsable es Ana Isabel Martínez Senra.

## Plan de Contingencias

### Descripción

==== MEDIDAS EXCEPCIONALES PLANIFICADAS ===

Ante la incierta e imprevisible evolución de la alerta sanitaria provocada por el COVID-19, la Universidad de Vigo establece una planificación extraordinaria que se activará en el momento en que las administraciones y la propia institución lo determinen atendiendo a criterios de seguridad, salud y responsabilidad, y garantizando la docencia en un escenario no presencial o parcialmente presencial. Estas medidas ya planificadas garantizan, en el momento que sea preceptivo, el desarrollo de la docencia de un modo más ágil y eficaz al ser conocido de antemano (o con una amplia antelación) por el alumnado y el profesorado a través de la herramienta normalizada e institucionalizada de las guías docentes.

==== ADAPTACIÓN DE LAS METODOLOGÍAS ===

En caso de tener que pasar a un sistema de enseñanza no presencial se mantienen las metodologías docentes, pero las actividades presenciales se realizarán en las aulas virtuales.

\* Mecanismo no presencial de atención al alumnado (tutorías)

Las tutorías se realizarán a través del correo electrónico y el despacho virtual.

\* Modificaciones (si proceden) de los contenidos a impartir

Dado que las clases no presenciales requieren más dedicación por parte del alumnado que las clases presenciales, se reajustará si fuese necesario el contenido de los temas.

==== ADAPTACIÓN DE LA EVALUACIÓN ===

En caso de tener que pasar a un sistema de evaluación no presencial las pruebas de evaluación y sus porcentajes correspondientes se mantienen pero el alumnado será evaluado a través de los medios que la Universidad de Vigo pone a nuestra disposición (Campus Remoto, moovi, etc.).

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS</b>				
<b>Réxime fiscal da empresa I</b>				
Asignatura	Réxime fiscal da empresa I			
Código	V03G720V01523			
Titulacion	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descriptores	Creditos ECTS 6	Carácter OB	Curso 5	Cuatrimestre 2c
Lengua	Castelán			
Impartición	Galego			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	González Martínez, José Manuel			
Profesorado	González Martínez, José Manuel			
Correo-e	xmgonzalez@uvigo.es			
Web				
Descripción general	RFE é unha materia que ten como obxectivo introducir ao alumnado no campo da fiscalidade aplicada. En particular, desenvólvense dous dos impostos más importantes que inciden na actividade empresarial: o IRPF e o Imposto de Sociedades. Esta materia tamén se imparte no PCEO de ADE-DEREITO en 5º curso, 2º cuatrimestre.			

<b>Competencias</b>				
Código				
CB2	Que os estudiantes saibam aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.			

<b>Resultados de aprendizaxe</b>	
Resultados de aprendizaje	Competencias
Adquirir coñecementos básicos para entender o papel que desempeña a fiscalidade nas decisións económicas	CB2
Desenvolver habilidades de procura, uso e comprensión da normativa tributaria vixente	
Entender os efectos da tributación sobre as distintas fontes de renda: traballo, capital, actividades económicas e alteracións patrimoniais.	CB2
Potenciar a capacidade de traballar en equipo buscando atopar as melloras solucións tributarias	
Xustificar e defender as decisións adoptadas en materia de tributación mediante estudos de caso	

<b>Contidos</b>	
Tema	
Parte I: Introducción ó Sistema Fiscal	Obxectivos básicos. A organización da materia. O método de traballo e a súa avaliación.
Tema 1: Obxectivos e metodoloxía da materia	
Tema 2: Caracterización do Sistema Fiscal Español e bases para a fiscalidade persoal e empresarial	O papel dos Impostos na realidade económica. Composición do Sistema Fiscal. Características básicas das principais figuras tributarias.
Parte II: O Imposto sobre a Renda das Pessoas Físicas.	Elementos básicos do Imposto: contribuiente e unidade familiar, rendas suxeitas e exentas, período impositivo.
Tema 3: Introducción ó IRPF	
Tema 4: Rendas das Pessoas Físicas	Rendementos do Traballo, Rendementos do Capital, Ganancias e Perdas Patrimoniais
Tema 5: Renda das Actividades Económicas Empresariais e Profesionais individuais	Elección do réxime de estimación da renda. Determinación da renda en Estimación Directa e Estimación Obxectiva.
Tema 6: Liquidación do IRPF	Integración e compensación das rendas. Mínimo Persoal e Familiar. Cuota Integra e Deducións.
Parte III: O Imposto sobre Sociedades.	Elementos básicos do Imposto: contribuiente, resultado contable e base imponible. Período impositivo. Imputación temporal de ingresos e gastos.
Tema 7: Introducción ó IS.	
Tema 8: Operacións determinantes da Base Imponible	Gastos non deducibles. Amortizacións. Arrendamento Financeiro. Deterioro de Valor e Transmisiones Patrimoniais.
Tema 9: Liquidación do IS	Proceso Liquidatorio. Cuota Integra. Deducións.

<b>Planificación</b>			
	Horas en clase	Horas fuera de clase	Horas totales
Actividades introductorias	0.5	0	0.5

Lección maxistral	22	22	44
Estudo de casos	17.5	17	34.5
Prácticas con apoyo das TIC	5	5	10
Resolución de problemas de forma autónoma	0	25	25
Exame de preguntas de desenvolvemento	6	30	36

\*Los datos que aparecen en la tabla de planificación son de carácter orientativo, considerando la heterogeneidad de alumnado

### Metodoloxía docente

	Descripción
Actividades introductorias	Presentación do contido e obxectivos da materia. Metodoloxía de traballo e sistemas de control e avaliación.
Lección maxistral	Para cada tema o docente presentará na aula as cuestións mais relevantes e formulará a metodoloxía a seguir para interpretar as consecuencias e efectos prácticos da norma tributaria. Posteriormente o alumno deberá revisar de xeito autónomo os contidos expostos.
Estudo de casos	Realizaranse sesións prácticas que terán lugar en aulas-seminario. Para cada sesión proporánse casos a estudiar en grupos reducidos (de 3 ou 4 estudiantes) conformados ó inicio do curso. Cada grupo deberá comentar, resolver e defender os casos plantexados. O alumnado disporá previamente dos enunciados dos casos a través da Plataforma Virtual e deberá elaborar no seu grupo reducido unha primeira proposta de solución xustificada que deberá ser entregada a través da Plataforma Virtual antes do desenvolvemento da sesión presencial.
Prácticas con apoyo das TIC	As sesións prácticas en aula informática faránse de xeito individualizado e consistirán na resolución dun caso práctico empregando as aplicacións informáticas da Axencia Tributaria. Para o seu desenvolvemento o alumnado disporá previamente do enunciado do caso na Plataforma Virtual.
Resolución de problemas de forma autónoma	Cada semana, despois da sesión maxistral, abriráse un formulario práctico dixital (de resposta curta ou test) na Plataforma Virtual, relativo aos contidos desenvoltos na sesión maxistral e na práctica. Trátase de actividades non presenciais que posibilitan o seguimento e avaliación do alumnado, que deberá responder nos prazos sinalados.

### Atención personalizada

Metodologías	Descripción
Estudo de casos	Farase un seguimiento individualizado dos resultados acadados e das dúbihdas surxidas nos estudos de caso. A resolución de dúbihdas realizaráse preferentemente na modalidade presencial. De concurrir circunstancias extraordinarias as sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos no Despacho Virtual baixo a modalidade de concertación previa. De selo caso, estas titorías tamén poderán ser colectivas sobre temas específicos.
Prácticas con apoyo das TIC	O alumnado resolverá de xeito individualizado casos prácticos nas aulas de informática empregando os programas da Axencia Tributaria (Simulador RentaWeb e Simulador SociedadesWeb)

### Avaliación

	Descripción	Calificación	Competencias	Evaluadas
Estudo de casos	A entrega das propostas de solución dos estudos de caso (prácticas) feitas en grupo avaliarase conxuntamente coas probas tipo tests: será necesario ter entregado alomenos 6 casos para ter puntuación nas probas test.	0	CB2	
Resolución de problemas de forma autónoma	Avaliarase e puntuarase a resolución dos test propostos despois de cada tema. Este apartado de traballo persoal puntuaráse sobre un máximo global de 3 puntos. Será requisito necesario para obter puntuación neste apartado que o grupo ao que pertence cada estudiante teña entregado alomenos 6 propostas de solución dos estudos de caso.	30	CB2	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Ó remate das partes II e III do programa da materia, en dúas sesións presenciais, proporáse un caso que o alumnado deberá resolver de xeito individual e que permitirá avaliar o seu nivel de coñecementos e capacidade de argumentación e xustificación das decisións adoptadas. A proba relativa ó IRPF puntuaráse cun máximo de 4 puntos e a relativa ó IS cun máximo de 3 puntos.	70	CB2	

### Otros comentarios sobre la Evaluación

Nesta asignatura realizarase unha avaliación continua (AC) do traballo realizado polo estudiante.

Para superala asignatura por AC deben cumplirse dúas condicións:

1. Acadar alomenos un 25% da nota en cada un dos tres apartados puntuables (test, proba IRPF, proba IS).
2. Obter alomenos 5 puntos na suma destes tres apartados puntuables (probas test e probas IRPF e IS).

A non presentación a calquera das dúas probas presenciais escritas (IRPF e IS) suporá que o estudiante deixa de ser avaliado en AC.

Tamén sairá da AC se non acada alomenos un 25% da nota en cada unha das tres probas realizadas (test, proba IRPF, proba IS).

A nota final por AC será a suma das notas parciais obtidas ata ese momento.

Aqueles estudiantes que se queden fora da AC terán a opción de presentarse a un exame final. Este exame suporá o 100% da cualificación e non se terán en conta os puntos obtidos en AC.

En caso de non presentarse, pero ter feito traballo de AC, a nota será a obtida en AC.

Os estudiantes que se presenten a convocatoria extraordinaria ou a convocatoria de fin de carreira realizarán un exame con dous estudos de caso (IRPF e IS). Este exame valerá o 100% da cualificación.

A data dos examen pode consultarse en [www.fccee.uvigo.es](http://www.fccee.uvigo.es)

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

Grupo docente Fiscalidade Aplicada UVigo, **Esquemas básicos y supuestos prácticos,**

#### Legislación IRPF e IS actualizada 2021,

Albi, E. y Paredes, R., **Sistema Fiscal Español (I y II)**, última edición, Ariel,

Domínguez, F., **Sistema Fiscal Español**, última edición, Prensas de la Universidad de Zaragoza,

Barberán, M.A. e outros, **Ejercicios y Cuestiones de Fiscalidad**, última edición, Prensas de la Universidad de Zaragoza,

Agencia Tributaria, [www.agenciatributaria.es](http://www.agenciatributaria.es),

NewPyme, [www.plangeneralcontable.com](http://www.plangeneralcontable.com),

### Bibliografía Complementaria

Alonso, R., **Impuesto sobre la renta de las personas físicas. Comentarios y casos prácticos**, última edición, Centro Estudios Financieros,

Borrás, F. e Navarro, J.V., **Impuesto sobre sociedades. Comentarios y casos prácticos**, última edición, Centro Estudios Financieros,

Dominguez, F., **Planificación Fiscal Personal y de la Empresa**, última edición, Aranzadi,

Moreno, M.C e Paredes, R., **Casos prácticos de sistema fiscal**, última edición, Delta,

Portillo, M.J., **Manual de Fiscalidad. Teoría y Práctica**, última edición, Tecnos,

Pla, A. e Salvador, C., **Impuesto sobre sociedades. Regimen general y empresas de reducida dimensión**, última edición, Tirant lo Blanch,

Instituto de Estudios Fiscales, [www.ief.es](http://www.ief.es),

## Recomendacións

### Asignaturas que continúan el temario

Contabilidade financeira avanzada/V03G020V01926

Creación e simulación de empresas/V03G020V01927

### Asignaturas que se recomienda cursar simultáneamente

Decisións de financiamento/V03G020V01501

Dirección estratégica/V03G020V01503

### Asignaturas que se recomienda haber cursado previamente

Empresa: Matemática das operacións financeiras/V03G020V01202

Contabilidade financeira II/V03G020V01401

Empresa: Contabilidade financeira I/V03G020V01301

## Otros comentarios

Esta materia impártese no PCEO de ADE-Dereito en 5º Curso, 2º Cuatrimestre e o profesor responsable é Xosé Manuel González.

## **Plan de Continxencias**

---

### **Descripción**

---

#### **==== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===**

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19 poderá aplicarse unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as autoridades sanitarias e a UVigo o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial.

#### **==== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===**

\* Metodoloxías docentes que se manteñen:

Todas agás as prácticas en aula informática

\* Metodoloxías docentes que se modifican:

- As actividades presenciais pasarán a ser en modalidade virtual

- As prácticas en aula informática pasarán a practicas autónomas con titorías colectivas virtuais posteriores

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

- Despacho Virtual, Aula Virtual, correo electrónico.

\* Modificacións (se procede) dos contidos a impartir

-----

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

-----

\* Outras modificacións

-----

#### **==== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===**

\* Probas xa realizadas:

Manteránse as puntuacións obtidas durante a AC.

\* Probas pendentes que se manteñen:

Manteránse aquelas probas de AC relativas á entrega de prácticas e tests.

\* Probas que se modifican:

Dependendo das circunstancias e do desenvolvemento das actividades, as probas de AC de exame de preguntas de desenvolvemento (IRPF e IS) non realizadas poderán integrarse no exame final da Convocatoria Ordinaria, mantendo os mesmos pesos.

\* Novas probas

Non se plantexan outras probas

---

## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Dirección estratégica internacional

Asignatura	Dirección estratégica internacional			
Código	V03G720V01524			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descriptores	Creditos ECTS 6	Carácter OB	Curso 5	Cuatrimestre 2c
Lengua	Castelán			
Impartición	Inglés			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	García Álvarez, Óscar			
Profesorado	García Álvarez, Óscar			
Correo-e	ogarcia@uvigo.es			
Web	<a href="http://moovi.uvigo.gal">http://moovi.uvigo.gal</a>			
Descripción general	O proceso acelerado de globalización do sistema económico mundial está a orixinar importantes consecuencias para a actividade das empresas, que se ven obrigadas, cada vez máis, a actuar nos mercados internacionais. Por eso, é preciso estudar e coñecer os factores que conducen á globalización dos negocios e, sobre todo, as estratexias más adecuadas para fazer fronte a esta nova realidade. Entender e elexir a estratexia de entrada nos mercados exteriores, coñecer a localización das actividades da cadea de valor, comprender as estratexias de comercialización dos produtos ou servicios e analizar a xestión da distancia cultural entre países, son algúns dos obxectivos desta asignatura.			

## Competencias

### Código

## Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaje	Competencias
Interpretar as principais teorías do comercio internacional, dende os paradigmas clásicos ata os enfoques que tratan de explicar os fluxos do comercio internacional a partir das actividades que realizan as empresas	
Distinguir as principais causas da aceleración internacionalizadora das empresas iniciada no século XX	
Identificar algunha das estructuras organizativas más frecuentes no terreno dos negocios internacionais	
Distinguir os factores relevantes que afectan á estratexia competitiva das empresas nos mercados internacionais	
Avaliar as distintas alternativas de entrada nos mercados exteriores: exportacións, acordos de cooperación e inversión directa	
Sintetizar as peculiaridades específicas a ter en conta na dirección estratégica dunha empresa multinacional	
Demostrar o manexo dos conceptos teóricos adecuados para resolver e interpretar determinados problemas relacionados coa dirección de empresas internacionalizadas	

## Contidos

### Tema

TEMA 1. TEORÍA DO COMERCIO INTERNACIONAL

TEMA 2. XÉNESE DA ACELERACIÓN

INTERNACIONAL

TEMA 3. O PROCESO BÁSICO DE  
INTERNACIONALIZACIÓN

TEMA 4. O PROCESO DE EXPORTACIÓN

TEMA 5. EXPORTACIÓN: PRODUCTIVIDADE  
EMPRESARIAL VERSUS PRODUCTIVIDADE  
NACIONAL

TEMA 6. SUBCONTRATACIÓN

TEMA 7. ALIANZAS ESTRATÉXICAS

TEMA 8. ESTRATEXIAS BÁSICAS DE  
MULTINACIONALIZACIÓN

<b>Planificación</b>	Horas en clase	Horas fuera de clase	Horas totales
Actividades introductorias	1	0	1
Lección maxistral	18.5	0	18.5
Estudo de casos	22.5	15	37.5
Traballo tutelado	2.5	15	17.5
Exame de preguntas obxectivas	3	50	53
Proxecto	2.5	20	22.5

\*Los datos que aparecen en la tabla de planificación son de carácter orientativo, considerando la heterogeneidad de alumnado

<b>Metodoloxía docente</b>	
	<b>Descripción</b>
Actividades introductorias	Actividades encaminadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a asignatura
Lección maxistral	Exposición por parte do/a profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudio, bases teóricas, análise de situacíons reais, e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo/a alumno/a
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución
Traballo tutelado	O/a alumno/a desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do/a profesor/a. O seu desenvolvemento pode estar vinculado con actividades autónomas do/a alumno/a

<b>Atención personalizada</b>	
<b>Metodologías</b>	<b>Descripción</b>
Lección maxistral	Exposición por parte do/a profesor/a dos contenidos sobre a materia obxecto de estudio, bases teóricas, análise de situacíons reais, e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desarrollar polo/a alumno
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real, coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipótesis, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución
Traballo tutelado	O/a alumno/a desenvolve traballos e proxectos na aula baixo as directrices e a supervisión do profesor/a

<b>Avaluación</b>			
	<b>Descripción</b>	<b>Calificación</b>	<b>Competencias Evaluadas</b>
Estudo de casos	Será necesario entregar varios traballos para poder optar a avaliación continua nas clases prácticas. Será necesario obter unha puntuación mínima de 5 punto sobre 10 para facer media	20	
Exame de preguntas obxectivas	Realizaranse varias probas para avaliar os coñecementos adquiridos sobre a materia durante o curso, probas que se referirán tanto aos coñecementos adquiridos a través da bibliografía de referencia, coma ao desarrollo e contenido das clases. Esixirse unha puntuación mínima de cinco puntos (sobre 10) para poder facer a media co resto de items	60	
Proxecto	Será necesario entregar un traballo ou proxecto realizado en grupo para avaliar os coñecementos adquiridos durante o curso. Esixirse unha puntuación mínima de cinco puntos (sobre 10) para poder facer a media co resto de items	20	

#### **Otros comentarios sobre la Evaluación**

Para a superación da asignatura, hai dous sistemas de avaliación.

A avaliación continua: Neste caso, o/a alumno/a realizará varios exames parciais teóricos. Para supéralo requírese unha puntuación mínima de 5 (sobre 10) e o peso destes exames na nota final será un 60%. O outro 40% da nota restante corresponderá a parte práctica e valerá un 20% a entrega de casos e un 20% o proxecto. Neste caso, será necesaria unha puntuación mínima de 5 de 10 en cada parte para superar a asignatura.

Nos casos en que o/a alumno/a decidiu ir por avaliación continua e non superou a asignatura, pode presentarse aos exames oficiais para recuperar a(s) parte(s) que suspendera. Neste senso, gardarase a nota obtida durante o curso da parte que tivera superada, e se presentarase no examen do primeiro período coa parte que ten suspensa. Igualmente, manteranse as partes aprobadas para o examen do segundo período.

Para sucesivas convocatorias de cursos académicos posteriores non se gardarán as partes aprobadas.

Avalación non continua: En todo caso, nas convocatorias oficiais, haberá un exame final da asignatura que ponderará un 60% da nota. Neste caso, tamén será necesaria entregar ese mesmo día ou con anterioridade un traballo realizado de xeito individual que ponderará un 20%, así como a entrega dos casos prácticos propostos ao longo do curso que ponderarán o outro 20%, para garantir o dereito do alumnado ao 100% da nota. É preciso obter una puntuación mínima de 5 puntos (sobre 10) tanto en teoría como en práctica para poder facer media.

Na convocatoria extraordinaria de Fin de carrera haberá un exame final que suporá o 100% da calificación.

As datas oficiais de exámenes poderán consultarse na web da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo

<http://fccee.uvigo.es/es/>

As diferencias no método de avaliación que utilizan os centros da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo e a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense obedecen á necesaria adaptación dos idénticos resultados de aprendizaxe propostos e competencias á diferente organización de clases docentes empregada por ambos os dous centros. En todo caso, as ponderacións exactas de cada proba dáranse a coñecer ao principio de curso na plataforma de teledocencia.

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

Guisado Tato, M., **Internacionalización de la empresa**, Pirámide, 2002

Guisado Tato, M., **Estrategias de multinacionalización y política de la empresa**, Pirámide, 2003

Daniels, Radebaugh, Sullivan, **International Business**, 15th edition, Pearson International Edition, 2015

Arteaga Ortiz, Jesús, **Manual de internacionalización**, ICEX, 2017

### Bibliografía Complementaria

Guerras Martín, LA e Navas Lopez, JE, **La dirección estratégica de la empresa: teoría e aplicaciones**, 4ª edición, Thomson, 2007

Hernández García, A, **Internacionalización y competitividad en la economía española: factores relevantes para la empresa**, Pirámide, 2010

Hill, CWL, **Negocios internacionales: competencia en el mercado global**, Mc Graw Hill, 2011

Verbeke, A, **International business strategy: rethinking the foundations of global corporate success**, Cambridge University Press, 2013

Cavusgil, Knight, Riesenberger, **International Business: The new realities**, Pearson, 2014

Griffin, Pustay, **International Business**, 5th edition, Pearson International Edition, 2007

## Recomendacións

### Asignaturas que se recomienda haber cursado previamente

Empresa: Fundamentos de administración/V03G020V01102

Empresa: Xestión de empresas/V03G020V01203

Dirección estratégica/V03G020V01503

Teoría da organización/V03G020V01505

### Otros comentarios

Aportarase ao alumnado a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo

A asignatura impártise tamén no PCEO Ade-Dereito en 5º curso, 2º cuatrimestre. O coordinador é o profesor Oscar García Álvarez

## Plan de Continxencias

### Descripción

==== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

==== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen

As metodoloxías manteñense pero adaptadas a unha contorna virtual (moovi, campus remoto...)

\* Metodoloxías docentes que se modifican

Ninguna

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

As titorías realizaranse de xeito virtual (correo electrónico, teléfono, campus remoto,...)

\* Modificaciós (se procede) dos contidos a impartir

Ningún

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Poderanse facilitar más recursos a través da plataforma de teledocencia

\* Outras modificacións

==== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

\* Probas xa realizadas

Manteñense as probas xa realizadas e o seu peso

\* Probas pendentes que se manteñen

Manteñense as probas, pero realizaranse de xeito virtual

\* Probas que se modifican

Ninguna

\* Novas probas

\* Información adicional

---

## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Traballo de Fin de Grao-ADE

Asignatura	Traballo de Fin de Grao-ADE			
Código	V03G720V01991			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descriptores	Creditos ECTS 12	Carácter OB	Curso 5	Cuatrimestre 2c
Lengua	Castelán			
Impartición	Galego			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Castro Fernández, Ana Esther			
Profesorado	Castro Fernández, Ana Esther			
Correo-e	esther@uvigo.es			
Web	<a href="http://fccee.uvigo.es/traballo-de-fin-de-grao.html">http://fccee.uvigo.es/traballo-de-fin-de-grao.html</a>			
Descripción	Traballo titorizado que mostra a adquisición das competencias do grao general			

## Competencias

### Código

CB1	Que os estudiantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudiantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudiantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudiantes desenvolvan aquellas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaje	Competencias
Comprender de forma sistemática e crítica unha temática, problema, ou ámbito de estudo, incorporando marcos teóricos e coñecementos dispoñibles, así como xuízos que inclúan unha reflexión de carácter social, científica e/ou ética.	CB1 CB2 CB3
Recoller, analizar e interpretar datos e información relevante de maneira sistemática co obxectivo de realizar unha análise apoiada en argumentos e razoamentos coerentes.	CB2 CB3 CB4 CB5
Elaborar un texto escrito que se axuste a criterios de calidade e convencións académicas dentro da área propia de estudo e que recolla de forma sistemática a formulación, proceso e resultado do Traballo Fin de Grao.	CB3 CB4 CB5
Transmitir os coñecementos e habilidades adquiridas, e presentar de forma rigorosa e convincente o traballo realizado, de forma escrita e oral.	CB4 CB5

## Contidos

### Tema

Os/as estudiantes estudiarán unha problemática propia do campo de estudio do Grao en Administración e Dirección de Empresas. Os temas son propostos polos/as titulares/as, áinda poda proceder á defensa do traballo, que baixo certas circunstancias, os/as estudiantes poderán proponer temas, e seguirase o disposto na normativa xeral da Universidade e a específica do centro.

## Planificación

	Horas en clase	Horas fuera de clase	Horas totales

Actividades introductorias	1	0	1
Seminario	2	0	2
Presentación	1	10	11
Traballo tutelado	9	266	275
Presentación	1	10	11

\*Los datos que aparecen en la tabla de planificación son de carácter orientativo, considerando la heterogeneidad de alumnado

### Metodoloxía docente

	Descripción
Actividades introductorias	Toma de contacto co/coa estudiante, identificación de motivacións e indicación de normas básicas de traballo
Seminario	Presentación por parte do/a titor/a dos aspectos fundamentais relativos á realización do traballo a realizar polo/a alumno/a e resolución de dúbidas.
Presentación	Presentación e defensa oral dos resultados obtidos no traballo realizado.
Traballo tutelado	Informe escrito sobre a temática asignada realizado coa tutela dunha profesor/a.

### Atención personalizada

Metodologías	Descripción
Traballo tutelado	Seguimento do traballo autónomo do/a estudiante
Actividades introductorias	Contacto co/coa estudiante e definición do marco de acción
Seminario	Presentación por parte do/a titor/a dos aspectos fundamentais relativos á realización do traballo e resolución das dúbidas que se poidan expor.
Presentación	Presentación oral e defensa dos resultados obtidos no traballo realizado.

### Avaluación

	Descripción	Calificación	Competencias Evaluadas
Traballo tutelado- Contido: 40%	(EnTribunais unipersonais: Titor/a 40%) (En Tribunais colexiados: Titor/a 30%; Tribunal 10%).	70	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5
- Calidade formal (Estrutura, Redacción, Execución): 30%			
Presentación	Presentación e defensa oral do traballo ante un tribunal unipersonal ou colexiado	30	

### Otros comentarios sobre la Evaluación

No momento de solicitude de defensa do TFG, o/a alumno/a deberá decidir se quere ser avaliado por un tribunal unipersonal ou por un tribunal colexiado.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Biblioteca Universitaria, **Como afrontar tu TFG**,

Manuel Baelo Álvarez, **El Arte de presentar trabajos académicos ante un tribunal : TFG, TFM y tesis doctoral : guía práctica para estudiantes universitarios**, 2ª, Círculo Rojo, 2017

Ramiro Durán Martínez (Coord.), **Guía didáctica para la elaboración de un trabajo académico**, 2017

#### Bibliografía Complementaria

Paulina Cierlaca, **Cómo hacer tu trabajo de fin de grado: Guía paso a paso para escribir tu TFG con éxito**,

**Cómo hacer presentaciones eficaces**, Gestión 2000, 2004

Rodrigo Ríos, **Manual de presentaciones efectivas**, 2017

### Recomendación

### Otros comentarios

Recoméndase seguir o curso "Como afrontar o teu TFG"

<http://sp.bugalicia.org/vig/subjects/guide.php?subject=cursotfg>

No PCEO ADE- Dereito, o TFG realiza en 5º curso, sendo a guía docente a mesma que a do TFG do Grao en ADE.

## **Plan de Continxencias**

---

### **Descripción**

---

#### **==== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===**

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

#### **==== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===**

##### **=Metodoloxías docentes que se manteñen=**

En caso de ter que pasar a un sistema de ensino virtual, debido a emerxencia sanitaria ou a calquera outro tipo de emerxencia, manteranse as mesmas metodoloxías docentes facendo uso das ferramentas virtuais que a UVigo pon a disposición do PDI e do alumnado (aulas e despachos virtuais, plataforma de teledocencia, correo electrónico, etc.)

##### **=Metodoloxías docentes que se modifican=**

Non é necesario modificar ningunha metodoloxía, xa que están concibidas para ser empregadas tanto en caso de presencialidade, como semipresencialidade ou docencia totalmente virtual.

##### **=Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)=**

As titorías realizaranse a través dos medios postos a disposición do profesorado e do alumnado, pola UVigo. Cada docente indicará ao alumnado titorizado o método que seguirá para a realización de titorías.

##### **=Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe=**

En caso de docencia plenamente virtual o/a titor/a adaptará a bibliografía precisa para a elaboración do TFG ás circusntancias excepcionais do momento, para que o alumnado poida seguir co seu traballo sen verse prexudicado pola situación.

#### **==== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===**

As porcentaxes mantéñense, con independencia de que a avaliación sexa virtual ou presencial. En caso de ter que pasar a un sistema de docencia e avaliación virtual, os/as alumnos/as serán avaliados a través dos medios que a UVigo pon á nosa disposición (Campus Remoto...)

---

## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Traballo de Fin de Grao-Dereito

Asignatura	Traballo de Fin de Grao-Dereito			
Código	V03G720V01992			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descriptores	Creditos ECTS 6	Carácter OB	Curso 5	Cuatrimestre 2c
Lengua	Castelán			
Impartición	Galego			
Departamento	Dereito público			
Coordinador/a				
Profesorado				
Correo-e				
Web				
Descripción	Elaboración dun traballo sobre unha das materias impartidas na titulación general			

## Competencias

### Código

CB1	Que os estudiantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudiantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudiantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudiantes desenvolvan aquellas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

## Resultados de aprendizaxe

### Resultados de aprendizaje

	Competencias
Buscar, ordear e estructurar información sobre un tema de interese xurídico con un comportamiento ético correcto. Coñecer, comprender, interpretar e aplicar críticamente fontes xurídicas. Expresarse correctamente coa linguaxe técnica propia do ámbito xurídico	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5

## Contidos

### Tema

Calquera tema relacionado coas materias do Grao en Dereito

## Planificación

	Horas en clase	Horas fuera de clase	Horas totales
Traballo tutelado	4	135	139
Trabajo	0.5	10.5	11

\*Los datos que aparecen en la tabla de planificación son de carácter orientativo, considerando la heterogeneidad de alumnado

## Metodoloxía docente

	Descripción
Traballo tutelado	De forma individual, o estudiante elaborará un documento sobre un tema da materia. Este trabalho autónomo do estudiante inclúe a identificación de fontes de información, lectura e manexo de información, recollida de información e a redacción e edición final do traballo.

## Atención personalizada

<b>Metodologías</b>	<b>Descripción</b>
Traballo tutelado	Traballos tutelados
<b>Avaliación</b>	
Descripción	Calificación Competencias Evaluadas
Traballo Valorarase o contido do traballo así como a súa estrutura: introducción, xustificación, obxecto de estudo, conclusións, bibliografía e outras fontes de información. Así mesmo, valorarase a capacidade de expresión oral e escrita do/da futuro/a graduado/a.	100 CB1 CB2 CB3 CB4 CB5

### Otros comentarios sobre la Evaluación

Para a presentación e defensa pública do Traballo Fin de Grao é requisito previo imprescindible superar a totalidade do resto das materias do plan de estudos do Grao en Dereito. As datas de defensa pública do Traballo Fin de Grao son aprobadas pola Xunta de Facultade e publicadas na web da Facultade.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Universidade de Vigo, **Reglamento Uvigo para a realización de trabajos fin de grao**, Última modificación

Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, **Normativa interna para elaboración de trabajo fin de grao**, Última modificación

#### Bibliografía Complementaria

ERRER, V.; CARMONA, M.; SORIA, V., **El trabajo de fin de grado: guía paraestudiantes, docentes y agentes colaboradores**, McGraw-Hill/Interamericana de España, 2013

FONDEVILA GASCÓN, J.F.; OLMO ARRIAGA, J.L., **El trabajo fin de grado en las ciencias sociales y jurídicas: guía metodológica**, Ediciones Internacionales Universitarias, 2013

GARCÍA SANZ, M.P.; MARTÍNEZ CLARES, P., **Guía práctica para la realización de trabajos fin de grado y trabajos fin de máster**, Universidad de Murcia, 2012

JIMÉNEZ ALEMÁN, A. A., **Competencias a validar a través del trabajo de fin de grado en derecho**, 2015

MIRÓN CANELO, J.A., **Guía para la elaboración de trabajos científicos: grado, máster y postgrado**, Rego, 2013

### Recomendaciones

#### Otros comentarios

Dunha banda convén sinalar que, para a presentación e defensa pública do Traballo Fin de Grao, é requisito previo imprescindible superar todas a materias restantes do plan de estudos do Grao en Dereito.

Doutra banda, sintetízase a continuación o Anexo III da Normativa interna do centro para a elaboración do traballo de fin de Grao en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos (no que segue: NITFG). A NITFG está dispoñible en:

[https://fccxxt.webs.uvigo.es/images/docs/facultade/normativa/tfg/Normativa\\_TFG.pdf](https://fccxxt.webs.uvigo.es/images/docs/facultade/normativa/tfg/Normativa_TFG.pdf)

O devandito anexo contén ás normas de presentación dos Traballos de Fin de Grao:

- Os TFG poderán presentarse e defenderse en galego, castelán ou calquera outra lingua que contemple a memoria das titulacións.
- Os TFG que se presenten deberán conter necesariamente o plantexamento do tema, o seu desenvolvemento e as conclusións obtidas. Así mesmo, os TFG irán precedidos de tres apartados previos: un resumo (en castelán ou galego e inglés) seguido dunha listaxe de palabras clave do estudo (en castelán ou galego e inglés), unha listaxe de abreviaturas e un sumario global.
- Os traballos terán una extensión comprendida entre as 30 e 50 páxinas. Os anexos non se terán en conta no cómputo total de páxinas sinalado anteriormente.

- Os traballos deberán remitirse en letra Times New Roman tamaño 12 e terán entrelíñado de 1,5. As notas ao pé de páxina terán tamaño 10 da mesma letra e entrelíñado sinxelo (1,0).

- As marxes superior, inferior, esquerda e dereita do documento serán de 2,5 cm.

- A presentación deberá conter unha portada na que conste o título do traballo, a autor ou autor, a titora ou titor, o curso académico, a convocatoria e a titulación.

- Os epígrafes seguirán a enumeración árabe co seguinte formato: 1. Maiúscula grosa. 1.1 Minúscula grosa. 1.1.1 Minúscula grosa cursiva. a) Minúscula cursiva.

- As citas e referencias bibliográficas deben seguir as pautas más comúns ás que se adaptan as investigacións xurídicas. O alumnado interesado atopara máis detalles sobre esta cuestión nás páxinas 21 e seguintes da NITFG.

- Nos TFG debe incluirse un epígrafe final no que se recolla toda a bibliografía, ordenada alfabeticamente, que se consultou para a súa elaboración.

- As notas ao pé irán incluídas ao longo do texto, segundo se vaian precisando, e non ao final do traballo.

---

## **Plan de Continxencias**

---

### **Descripción**

As circunstancias excepcionais que no seu caso poidan producirse, non afectan o desenvolvemento da asignatura. O alumnado terá a posibilidade de preparar o TFG cos seus tutores/as a través de medios electrónicos e tutorías virtuais

---